

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao no Programa Conxunto ADE-Dereito)

CURSO 2022-2023

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito

CURSO 2022-2023

Validado pola Comisión de Calidade o día 21/12/23
Aprobado pola Comisión Permanente o día 21/12/23

Índice

1. Información xeral.....	3
2. Coordinación.....	3
3. Xustificación e descrición do informe.....	3
4. Accións de coordinación.....	4
4.1. Reunións e actuacións de coordinación.....	4
4.1.1. Reunións e actuacións de coordinación cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito-.....	4
4.1.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito.....	4
4.1.3. Actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial.....	5
4.1.4. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade.....	8
4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados e propostas de mellora para o curso 2023-24.....	8
4.1.6. Reunións e actuacións de coordinación da materia Traballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente.....	11
4.1.7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo.....	24
4.1.8. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito. 20	
4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	20
4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade.....	20
4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade.....	22
4.2.3. Actuacións de promoción do centro.....	24
4.2.3.1. Promoción internacional do centro a través do profesorado, PAS e alumnado participante en programas de mobilidade.....	29

4.2.3.2. Promoción da titulación e divulgación das actividades levadas a cabo na Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso.....	30
4.3. Incidencias e actuacións máis relevantes. Accións de mellora.....	25
4.3.1. Incidencias e actuacións máis relevantes	25
4.3.2. Accións de mellora para o curso 2023/2024	25
5. Conclusións	32
6. Anexos.....	27

ANEXO I: ACTAS DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN

ANEXO II: INFORME SEGUIMIENTO TFG

ANEXO III: INFORME SOBRE COOPERACIÓN CON INSTITUCIÓN E EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES NO CURSO 2022/2023 E PROPOSTA, SE PROCEDE, DE MELLORAS PARA O CURSO 2023/2024

ANEXO IV: INFORME DE SEGUIMIENTO. RELACIÓN INTERNACIONAIS

ANEXO V: INFORME FINAL DE REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES PARA O CURSO 2023-2024

ANEXO VI: INFORME FINAL PAT 2022/23

1. Información xeral

Denominación do título	Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2014/2015 Plan 1 (plan de estudos modificado "G081 – Plan 2014") 2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudos oficiais Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito / Comisión de Coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE-Dereito	Comisión de coordinación do PCEO

3. Xustificación e descrición do informe

Tanto a memoria inicial como a memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo (apartado «Procedemento de coordinación do Grao», páx. 48) contemplan a figura do coordinador/a de curso, cuxa función é garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación das materias en cada curso académico. Con todo, ponderadas as peculiares circunstancias da Facultade de Dereito, estimouse máis axeitado contar cun único coordinador/a para o conxunto da titulación.

O **coordinador/a do Grao** debe, entre outras funcións, emitir informes periódicos para manter informado ao Decanato das incidencias e dos eventos relevantes. A tal efecto, o/a coordinador/a do Grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito.

Pola súa banda, **os coordinadores/as** das materias de **Prácticas externas** e de **Traballo de fin de Grao** encárganse de coordinar aos distintos titores/as das devanditas materias.

Finalmente, a/o **responsable de relacións internacionais** procura a coordinación das actuacións de mobilidade. Todas as labores de coordinación, horizontal e vertical, que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados; así mesmo, contribúen a adecuada implementación dos plans de mellora acometidos dende o equipo de goberno do centro.

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros -as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo-, constituíuse unha **Comisión de Coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo** conformada polos/as Decanos/as e os/as Coordinadores/as do Grao nos

referidos dous centros. Tal Comisión ten por obxecto avaliar e procurar solventar as incidencias ou posibles disfuncións detectadas, así como establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros.

Finalmente, dende o curso 2014/2015, o estudiantado pode cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e de Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un **programa conxunto de estudos oficiais («simultaneidade»)** elaborado polas Facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 6 da Memoria vixente para o Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao (PCEO) (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito - Campus de Ourense), aprobada polo Consello de Goberno o día 22 de xullo de 2016, prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo integrado polas persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás delegación polo/a Decano/a dun centro nun vicedecano/a. Ademais, constitúese un **órgano coordinador** formado polas persoas titulares dos Decanatos e os/as coordinadores/as dos graos de ambos os dous centros no PCEO. Esta comisión réunese cada curso académico, así como, de apreciarse disfuncións ou dificultades na coordinación, a instancia de calquera dos dous Decanatos.

4. Accións de coordinación

A continuación, descríbense as actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2022-2023 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito -incluído o Programa Conxunto ADE-Dereito-, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados, así como para aplicar o correspondente plan de mellora.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación

4.1.1. Reunións e actuacións de coordinación cos representantes do alumnado -delegadas/os e subdelegadas/os de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito-

Durante o curso académico 2022/2023 desenvóléronse as seguintes reunións de coordinación cos representantes do alumnado -delegadas/os e subdelegados/as de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito-, nas datas sinaladas a continuación:

- 18/11/2022: nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado do Grao en Dereito, así como do PCEO ADE-Dereito, respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder a súa resolución.
- 14/04/2023: nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado do Grao en Dereito, así como do PCEO ADE-Dereito, respecto do desenvolvemento da docencia do segundo período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder a súa resolución.

As actas das citadas reunións poden consultarse no apartado 6, Anexos.

4.1.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito

Durante o curso académico 2022/2023 desenvóléronse dúas reunións co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito, nas datas que se sinalan a continuación:

- 18/11/2022: nesta xuntanza, trasladáronse aos docentes as reflexións e comentarios realizados polos estudantes. Así mesmo, recolléronse as valoracións do profesorado respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período.
- 14/04/2023: nesta xuntanza, trasladáronse aos docentes as reflexións e comentarios realizados polos estudantes. Así mesmo, recolléronse as valoracións do profesorado respecto do desenvolvemento da docencia do segundo período.

As actas das citadas reunións poden consultarse no apartado 6, Anexos.

4.1.3. Actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial

No curso 2022-2023, a implementación do PAT presentou dúas novidades relevantes:

-Elabórase unha guía para as persoas titoras do PAT coa información que poden trasladarlle ao alumnado na primeira reunión de apoio. Includose información sobre os procedementos de calidade de maior interese para o alumnado coa finalidade de garantir un mellor coñecemento polas persoas titorizadas do sistema de garantía de calidade do centro. Esta mellora foi aprobada no marco da Comisión de Calidade celebrada o 27 de xuño de 2022.

- Creouse unha materia na plataforma Moovi para:

Publicar, para cada curso do Grao e do PCEO, a información pertinente relativa ao PAT-ANAE do curso correspondente.

Atender as consultas que se formulen por dita vía.

1. Accións de organización e acollida

- Xullo 2022: Proceso de selección de Profesores-titores. Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos profesores- titores do curso precedente -2021/2022- solicitando que manifesten a súa dispoñibilidade para continuar desenvolvendo tarefas como profesores-titores no curso 2022/2023.

A asignación proposta –aceptada polos profesores titores- foi a seguinte:

GRAO			PCEO ADE-DEREITO	
CURSO	PROFESOR/A-TITOR/A	ALUMNO/A TITOR/A	PROFESOR/A-TITOR/A	ALUMNO/A TITOR/A
1º	Profª. Lourdes Borrajo Diz	Pendente de designación	Profª. Susana Álvarez González	Pendente de designación
2º	Profª. Belén Sánchez Ramos	Non procede	Profª. Laura Movilla Pateiro	Non procede
3º	Profª. Francisca Fernández Prol	Non procede	Profª. Dolores Fernández Fustes	Non procede
4º	Prof. Roberto Ignacio Fernández López	Non procede	Profª. Mónica Siota Álvarez	Non procede
5º	Non procede	Non procede	Profª. Marta Fernández Prieto	Non procede

- Setembro 2022: Proceso de selección de alumnos-titores. Remisión de correos electrónicos e visitas nas aulas para solicitar a colaboración de alumnado de 3º e 4º do Grao e de 4º e 5º do PCEO para participar no PAT en calidade de alumnos-titores.

Finalmente, a composición do PAT-ANAE para o curso 2022-2023 foi a seguinte:

PAT: Relación de alumnado e titores/as asignados

COORDINADORA DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (PIUNE)
Profª. Marta Fernández Prieto mfprieto@uvigo.es

PAT: Relación de alumnado e titores/as asignados		
GRAO EN DEREITO		
PROFESOR/A-TITOR/A	ALUMNO/A TITOR/A	ALUMNADO TORIZADO
Profª. Lourdes Borrajo Diz lborrajo@uvigo.es	Juan Santiago Cacharro Rielo juan.santiago.cacharro.rielo@alumnos.uvigo.es	Alumnado de 1º curso
Profª. Belén Sánchez Ramos bsanchez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 2º curso
Profª. Francisca Fernández Prol franfernandez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 3º curso
Prof. Roberto Ignacio Fernández López rfernandez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 4º curso

PCEO ADE-DEREITO		
PROFESOR/A-TITOR/A	ALUMNO/A TITOR/A	ALUMNADO TORIZADO
Profª. Susana Álvarez González sualvago@uvigo.es	Luis M. Bouzo Álvarez lbouzo@alumnos.uvigo.es	Alumnado de 1º curso
Profª. Laura Movilla Pateiro lauramovilla@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 2º curso
Profª. Dolores Fernández Fustes dfustes@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 3º curso
Profª. Mónica Siota Álvarez msiota@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 4º curso
Profª. Marta Fernández Prieto mfprieto@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 5º curso

- Para facilitar a labor do profesorado-titor, así como a asistencia do alumnado, as xuntanzas quedaron insertadas na xornadas de acollida –no caso dos alumnos de primeiro curso-, así como de presentación de materias –no caso

dos alumnos dos cursos restantes, tanto no primeiro como no segundo período-. Detállase, a continuación, o cronograma de sesións.

- Igualmente en setembro de 2022, procédese a publicación na web da composición do PAT 2022-2023 -con indicación dos profesores-titores, alumnos-titores e xuntanzas planificadas-. O devandito documento tamén se remite aos correos electrónicos do estudantado.

2. Apoio e seguimento

- **Para os alumnos do Grao, as xuntanzas quedaron organizadas como segue:**

- **Reunión de presentación: 5 de setembro de 2022** (coincidindo coa xornada de acollida –no caso do alumnado de 1º curso- e coa xornada de presentación de materias do primeiro período –no caso do alumnado dos cursos 2º, 3º e 4º).

No marco da reunión de presentación, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, presentaron ao alumnado os obxectivos e recursos do PAT.

Nesta xuntanza inicial os alumnos que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT.

- **Primeira reunión de seguimento: 30 de xaneiro de 2023** (coincidindo coa xornada de presentación de materias do segundo período para o alumnado de todos os cursos).

Nesta reunión de seguimento, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, preguntan ao alumnado polo desenvolvemento do curso académico, rogando indiquen disfuncións detectadas ou dificultades ou obstáculos que están a afrontar.

No marco desta primeira reunión de seguimento, os profesores titores cumprimentaron o Anexo III –ficha de seguimento de titorías-.

Ao marxe das sesións predeterminadas e calendarizadas pola coordinación, poden manterse outras xuntanzas estimadas de interese, sinaladamente a petición dos correspondentes alumnos.

- **Para os alumnos do PCEO, as xuntanzas quedaron organizadas como segue:**

- **Reunión de presentación: 5 de setembro de 2022** (coincidindo coa Xornada de Acollida –no caso do alumnado de 1º curso- e coa xornada de presentación de materias do primeiro período –no caso do alumnado dos cursos 2º, 3º, 4º e 5º).

No marco da reunión de presentación, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, presentaron ao alumnado os obxectivos e recursos do PAT.

Nesta xuntanza inicial os alumnos que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT.

- **Primeira reunión de seguimento: 30 de xaneiro de 2023** (coincidindo coa xornada de presentación de materias do segundo período para o alumnado de todos os cursos).

Nesta reunión de seguimento, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, preguntan ao alumnado polo desenvolvemento do curso académico, rogando indiquen disfuncións detectadas ou dificultades ou obstáculos que están a afrontar.

No marco desta primeira reunión de seguimento, os profesores titores cumprimentaron o Anexo III –ficha de seguimento de titorías-.

Ao marxe das sesións predeterminadas e calendarizadas pola coordinación, poden manterse outras xuntanzas estimadas de interese, sinaladamente a petición dos correspondentes alumnos.

4.1.4. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade¹

1. Mobilidade Internacional

A convocatoria de mobilidade ERASMUS + 21/2 publicouse o 21 de decembro de 2021. No mes de xaneiro, Dna. Amelia Rodríguez Piña, Directora da Oficina de Relacións Internacionais, convocou unha reunión informativa para todo o estudiantado solicitante de mobilidade -tanto ERASMUS como de convenio bilateral-.

Tal e como establece a Convocatoria, unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes, a ORI remite a documentación aos Centros para a asignación de prazas. O 25 de marzo de 2022 publicouse no Centro a lista provisional de destinos. Así mesmo, convocouse ao estudiantado seleccionado a unha reunión informativa no Campus Remoto (no despacho Virtual da coordinadora) coa finalidade de solucionar todas as dúbidas. Finalmente, transcorrido o prazo establecido, publicouse a lista definitiva o 1 de abril.

Posteriormente, tras a publicación da lista definitiva de destinos por parte da ORI (22 de abril de 2022) a Coordinadora de Relacións Internacionais mantivo diversas reunións individualizadas, así como comunicación vía email con todos os alumnos a medida que ían cumprimentado o seu acordo de estudos.

Aínda que solicitaran a mobilidade ERASMUS 12 estudantes de Grao (ningún do PCEO), finalmente, realizaron a mobilidade ERASMUS 8 estudantes de Grao.

Neste sentido, coa finalidade de incrementar o número de alumnos que cursan un período de estudo en terceiros países (xa sexa mobilidade no marco do Programa ERASMUS ou no marco dos Programas con América Latina) seguimos incidindo nas reunións informativas. Neste sentido, cabe destacar, que na Xornada de acollida aos alumnos de primeiro curso (Curso 0) impártese, por parte da responsable ERASMUS do Centro, unha charla sobre os Programas de mobilidade e tamén no Curso 3.5 (enfocado aos alumnos de terceiro curso).

2. Mobilidade nacional

En canto a mobilidade SICUE. A diferenza do programa ERASMUS, a asignación de prazas realízase directamente na ORI. Este ano está a realizar esta mobilidade unha alumna de Grao. Con estes alumnos celébranse titorías individualizadas para resolver todas as dúbidas expostas e formalizar o acordo académico.

4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados e propostas de mellora para o curso 2023-2024

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2022/2023 realizáronse as seguintes reunión e actuacións en relación coa materia “Prácticas Externas”:

· Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2022: reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas. · Xuño 2022: Elaboración da guía docente pola coordinación.

· Setembro 2022: Convocatoria para o nomeamento de Titores académico/as de Prácticas Externas. A Comisión Académica nomea como titores académico/as aos seguintes profesores: D. Virxilio Rodríguez Vázquez. Dna. Susana Álvarez González, Dna. Natalia Torres Cadavid e D. María Dolores Fernández Fustes.

¹ Extracto do informe remitido por D^a. Belén Sánchez Ramos, Coordinadora de Relacións Internacionais.

- 2 de decembro de de 2022: Publicación de oferta formativa de prácticas externas 2022-2023.
- Decembro de 2022: Adjudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma moovi e comunicación aos tutores externo/as dos datos dos alumnos/as seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2023. Presentación da materia prácticas externas ao comezo co cuadrimestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado antes do comezo das prácticas –xaneiro 2023-. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar de forma continua a solicitude do alumnado. Creouse na plataforma moovi un Foro de dúbidas sobre a materia de Prácticas externas.
- Recepción do informe final e valoración dos tutores externo/as. Publicación das cualificacións o en xuño de 2023 (plataforma MOOVI).

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2022-2023.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2022-2023 foi a seguinte:

DESPACHOS DE ABOGADOS/AS E ECONOMISTAS (5)

LEÓN REY ABOGADOS (2)

Titor externo: D. David de León Rey

Enderezo: Rúa Santo Domingo, 45 1^o, L3, 32003 Ourense, Contaco: davidleon@uvigo.es

JOSÉ ABUNDANCIA DOMINGUEZ ABOGADO(I)

Titor: D. José Abundancia Domínguez

Enderezo: Paseo, 36 3^o C - 32003 - Ourense (Ourense) Contaco: j.abundancia@gmail.com

ADV ECONOMISTAS & ABOGADOS (1)

Titora: Dna. Marta López

Enderezo: Parque San Lázaro número 8, 3^o Izquierda, 32003, Ourense Contaco: mlopez@advgrupo.com

LEX AURIA ABOGADOS (1)

Titor: D. Luis Miguel Garnil Rielo

Enderezo: Avda. Ramón Otero Pedrayo 2B, Local 31), C.P. 32.004, Ourense Contaco: luisgarnil@lexauria.com

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE (4)

Titor externo: D. Manuel Arias Carral

Enderezo: as prácticas desenvolveranse nos diferentes servizos da Subdelegación (Rúa parque San Lázaro, 1, 32003 — Ourense): Unidade contra a violencia da muller, autorizacións administrativas, infraccións administrativas, xurado provincial de expropiación forzosa, dependencia de traballo e inmigración, oficina de extranxería e avogacía do Estado). Contaco: arias@uvigo.es

ASESORÍA (2)

INGADE (1)

Titular externa: Dña. Yolanda Trasobares Ramos

Enderezo: Parque tecnolóxico - tecnópole I, of.13 — local 1332900 - San Cibrao das Viñas — Ourense

Teléfono: 988368157

Contacto: yolanda@ingade.es

SIGAMOS CONSULTORÍA (1)

Titular externa: Dña. Laura Magalhães de Andrade

Enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia - Edificio CEI, niño 202, Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas

Teléfono: 644831816

Contacto: laura@sigamosconsultoria.com

CONCELLOS (9)

CONCELLO DE CELANOVA (1)

Titular externa: Dña. Montserrat Campos Mondelo

Enderezo: Praza Maior 1 32800, Celanova-Ourense

Teléfono: 988-43.14.87

Contacto: montserrat.campos.celanova@eidolocal.es

CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR (3)

Titor externo: D. José Antonio Cerdeira Pérez

Enderezo: Concello de Pereiro de Aguiar

Contacto: alcaldía@pereiro.gal

CONCELLO DE BARBADÁS (5)

Titular externa: Dña. Victoria Morenza

Enderezo: Concello de Barbadás

Contacto: victoria.morenza@barbadas.es

CENTRO PENITENCIARIO PEREIRO DE AGUIAR (1)

Titular: Dña. Elena Fernández Móntes

Enderezo: 32792 0 Pereiro de Aguiar, Ourense

Contacto: Subtratamiento_ourense@dgip.mir.es

O proxecto formativo de cada unha das prácticas ofertadas que recolle ademais o tipo de tarefas, as competencias á desenvolver e o horario, de conformidade co artigo 7 do devandito Regulamento, foi publicado na plataforma MOOVI.

C. Proposta de mellora para o curso 2023-2024.

- Unha vez superada a situación de saúde pública e a plena presencialidade na Universidade, aumentar os ámbitos de realización das prácticas e retomar algúns xa ofertados de forma previa ao curso 2019-2020.

-Adaptación das prácticas á normativa de Seguridade Social que prevé a cotización das mesmas, de conformidade co disposto polos órganos competentes da Universidade de Vigo

4.1.6. Reunións e actuacións de coordinación da materia Tráballo fin de Grao co alumnado ou cos tutores/as implicados e da Comisión Permanente

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2022-23, a iniciativa das coordinadoras da materia Tráballo fin de grao, dos tutores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvéronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Tráballo fin de grao. As máis destacables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño 2022: Elaboración da guía docente polo coordinadora.
- 12/07/2022: Aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2022/23 -novembro de 2022 (1º prazo), febreiro de 2023 (2º prazo), xuño de 2023 (3º prazo), xullo de 2023 (4º prazo) e setembro de 2023 (5º prazo)-
- 09/09/2022: Designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2022/23.

Aprobación pola Comisión Permanente dos criterios de asignación de titor/a para o TFG para o alumnado de nova matrícula que desexen concorrer ao primeiro prazo de defensa (novembro de 2022), asignación das persoas titoras e fixación de prazo para a presentación da proposta temática na secretaría do decanato

- 21/10/2022: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2021-2022 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Tráballos de Fin de Grao e autorizar a titorización polos profesores D. José Abundancia Domínguez e D. Roberto Couto Calviño, previa solicitude expresa dos interesados.

Aprobación tamén da extensión da asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Tráballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixírase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Tráballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.

- Outubro-novembro de 2022: Publicación da relación de profesorado que no curso 2022/23 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 23/11/2022: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2022-2023.
- 20/12/2022: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Tráballo de Fin de Grao do curso académico 2022-2023 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.
- 19/01/2023: Aprobación da listaxe definitiva de propostas temáticas para o Tráballo de fin de grao do curso académico 2022-2023 incluíndo unha nova proposta temática, presentada no período de reclamacións.

Delegación na/o secretaria/o da Facultade a competencia para aprobar as propostas temáticas para o Tráballo de fin de grao que se presenten fóra de prazo, previo traslado aos membros da comisión permanente, que poderán solicitar a convocatoria da comisión para debater sobre a adecuación das propostas.

- 30/01/2023: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudantado de terceiro curso de Grao en Dereito e 4º curso do PCEO ADE-Dereito. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.

- 31/01/2023: Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, as coordinadoras informan, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbrales ao estudiantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.
- 10/02/2023: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- 30/03/2023: Designar ás persoas titoras de Traballos de Fin de Grao do curso 2022/2023 en substitución do profesor D. Fernando de Franco Paz por mor da súa xubilación.
- 26/05/2023: Última sesión co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador. A sesión celebrouse a través do Campus remoto.
- Xaneiro-xullo de 2023: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia Moovi, con información sobre premios e axudas aos TFGs; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia “Traballo de fin de grao” ata o curso 2022-2023

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispuxo nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirían coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que tería un mínimo de 6 créditos e que debería realizarse na fase final do plan de estudos e estaría orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorporouse como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

De similar xeito, o vixente Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade prevé, nas directrices para o deseño dos plans de estudos das ensinanzas de grao (art. 12 apartados 2 e 6) o carácter obrigatorio do TFG, que ten como obxectivo esencial a demostración polo alumnado do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de Grao. Terá un mínimo de 6 créditos e deberá realizarse na fase final do plan de estudos e defenderse nun acto público. A súa superación é imprescindible para obter o título oficial

Ata a implantación dos estudos de grao, a incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carecía de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificultou a configuración da materia e xustificou a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG,

aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén detectouse a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, no Real Decreto 822/2021 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 13): “Os ensinos oficiais de Grao, como ciclo inicial dos ensinos universitarios, teñen como obxectivo fundamental a formación básica e xeneralista do e da estudante ... a través da transmisión ordenada de coñecementos, competencias e habilidades que son propias da disciplina respectiva ... os prepara para o desenvolvemento de actividades de carácter profesional e garante a súa formación integral como cidadáns e cidadás.”.
- MÁSTER (art. 16): entre os posibles obxectivos dos ensinos de Máster figura a formación encamiñada á “aprendizaxe nas actividades investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 19): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades concernentes coa investigación universitaria de calidade e o seu desenvolvemento”.

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrado universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en “formación continua”, como calquera outro estudante matriculado no Máster -aínda que con algunhas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Máster.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersoal. A modificación dá nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliación e cualificación do TFG/TFM (tribunal colexiado ou unipersoal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto.

Nos últimos cursos acometéronse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. Ambos os dous documentos teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretenden desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, os prazos das defensas nas convocatorias de xuño e xullo resultaban moi axustados e dificultan a defensa cando os estudantes teñen outras materias pendentes. No caso do alumnado do PCEO, a situación agrávase porque deben de elaborar dous TFGs, o que dificulta o seu proceso de obtención do título. Xa que logo, habilitáronse novos prazos de defensa do TFG. Primeiro no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. No curso 2020/21 o prazo de setembro incorporouse como último prazo do curso e non como 1º prazo do curso seguinte. Ademais, habilitouse un novo prazo de defensa no mes de febreiro. Estas accións de mellora formuláronse para permitir obter o título de Graduado/a en Dereito no mes de setembro e incorporarse ao Mestrado da avogacía aos estudantes aos que solo lles restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Mestrado sen solución de continuidade -sen obstáculos que lles obrigasen aos estudantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este prazo habilitouse xa en setembro de 2019. Ao converterse en prazo do mesmo curso académico evita que o alumnado teña que aboar novamente a taxa de matrícula e facilita a gradación dos estudantes nun tempo menor, posibilitando a mellora da taxa de gradación e de idoneidade. O prazo de febreiro permite ao alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que pode tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O prazo de febreiro pode ser especialmente interesante para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir elevar a taxa de gradación da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a excepción dos que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade a teor do art. 10 do RD 822/2021 (e antes o art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo). Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudiantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de chegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Nos últimos cursos académicos mellorou a *ratio* entre estudantes matriculados e estudantes presentados, aínda que no curso 2022-23 apreciase un retroceso importante. Con todo, debe terse en conta a imposibilidade da defensa do TFG se o alumno non ten superada a totalidade de créditos restantes para a obtención do título e, sendo ese o principal obstáculo, a dificultade de prever accións de mellora efectivas. Á luz dos datos que se obteñan no presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua, se se estima necesario, noutras propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación. Con todo, analizarase se o problema se centra en que os alumnos non acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden materialmente defender o Traballo de fin de grao.

En terceiro termo, acometéronse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fíxanse varias sesións presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador. Entre esas dúas datas fíxanse nos horarios titorías de atención personalizada para atender dúbidas de carácter xeral sobre o desenvolvemento do traballo.

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.

Para facilitar a defensa de TFGs nos dous primeiros períodos de defensa habilitados en cada curso académico (novembro e febreiro), acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores,

aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de titor e proposta temática. Acordouse tamén estender a asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixirase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.

Adoptáronse igualmente medidas respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio. O estudante pode solicitar a asignación dunha persoa titora concreta, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento. Pero, respecto a súa avaliación, aplicaranse os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que concorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.

En relación coa gravación do acto de defensa do TFG só se prevé no caso de que a defensa se desenvolva a través do Campus Remoto. Nese caso, a exposición de cada alumno/a será gravada coa finalidade de facilitarlle ao Tribunal o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión da proba, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Cara ao desenvolvemento adecuado de dita gravación mediante webcam, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación do exame. Será responsable do tratamento dos datos a Universidade de Vigo. As gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas.

Non obstante, o artigo 22.2 do vixente Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (aprobado no claustro do 18 de abril de 2023) esixe, en relación coas probas de avaliación oral, incluíndo expresamente a defensa do TFG e sempre que sexa posible, que deban “gravarse ou, en calquera caso, contar cunha alternativa que as permita revisar e concorde co proceso de ensino-aprendizaxe”.

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2022/23

- Estender a asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixirase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.

A Comisión Permanente adoptou o acordo por asentimento na súa reunión de 21 de outubro de 2022

D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2022/2023

2014/15	2015/16	2016	2017	2018/1	2019/	2020	2021	2022/
		/17	/18	9	20	/21	/22	23

Datos comparativos								19		20										
Estudiantes matriculados		56		58		90		68		74		77 Grao + 15 Pceo		120		134		112		
Estu- dantes presen- - tados	Total	46 (+1 susp. xuño)		35 (32 aprobados +3 susp.)		53 (+4 suspensos FC)		35		20 Grao + 5 Pceo		42 Grao + 10 Pceo		59 (+1 susp. xullo)		59		39		
	Nov.	7		4		14		6		4		8 + 0		4		6		6		
	Febr.													8		5		4		
	Xuñ.	23		10		29		12		7 + 1		8 + 3		16		14		10		
	Xul.	17		21		14		14		8 + 4		13 + 4		20		18		8		
	Set.							3				5 + 1		9 + 2		12		16		11
Cuali- fica- cións	Total	MH	1		0		4		0		1 + 1		1		1		1		0	
		Sb	3		9		15		6		5 + 1		3 + 1		22		6		11	
		N	20		11		18		18		9 + 3		22 + 9		25		30		21	
		A	22		12		16		11		5		16		11		22		7	

	Susp	1	3	4	0	0	1	1 (1 apr. en sept. 2021)	0	0
Nov.	MH	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Sb	0	0	1	0	0	0	2	1	3
	N	3	2	1	3	2	5	1	2	2
	A	4	1	8	3	2	3	1	3	1
	Susp		1 (apr. en xuño 2019)	4 (apr. xuño ou xullo 2019)	0	0	0	0	0	
Feb.	MH									
	Sb							3		2
	N							4	4	1
	A							1	1	1
	Susp									
Xuño	MH	1	0	2	0	0		1	0	0
	Sb	2	3	10	2	2+ 1	0+ 1	7	3	2
	N	9	3	11	7	5	4+ 2	5	7	8
	A	10	4	6	3	0	3	3	4	
	Susp	1(a p. en xullo)	0	0	0	0	0	1 (ap. en xullo 2020)	0	0

			20								
			15								
Xullo	MH	0	0	2	1 + 1	2	1		1	0	
	Sb	1	6	4	4	3	2	6	2	2	
	N	7	6	6	7	2 + 3	6 + 4	10	6	4	
	A	8	7	2	3	3	4	3	9	2	
	Susp	0	2	0	0	0	0	1 (ap. en sept. 2021)			
Set.	MH						0	0			
	Sb						0	1	4	2	
	N				1		3 + 1	4 + 2	5	11	6
	A				2		2	4	1	5	3
	Susp						0	0	2		

E. Propostas de mellora para o curso 2023/2024

- Valorar a necesidade ou non de gravación da defensa do TFG para dar cumprimento ao artigo 22.2 do vixente Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (aprobado no claustro do 18 de abril de 2023), que esixe, en relación coas probas de avaliación oral, incluíndo expresamente a defensa do TFG e sempre que sexa posible, que deban “gravarse ou, en calquera caso, contar cunha alternativa que as permita revisar e concorde co proceso de ensino-aprendizaxe”.

4.1.7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou disfuncións detectadas, así como para establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo), durante o curso académico 2022/2023 celebrouse unha reunión virtual o 24 de maio de 2022.

A orde do día da citada xuntanza foi a seguinte (extracto da convocatoria remitida polo Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo):

1. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaría
-Procédese á designación do Prof. Xosé Manuel Pacho Blanco.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior -21 de maio de 2021- xunta con esta convocatoria
3. Análise do estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2021-2022
4. Análise e aprobación, se procede, das propostas de accións de mellora da titulación para o curso 2022-2023.
5. Delegación, se procede, de competencias en materia de coordinación da titulación nas persoas coordinadoras do Grao en Dereito nas facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
6. Suxestións e preguntas

Así mesmo, ademais da referida xuntanza virtual, mantivéronse, ao longo do curso académico 2022-2023, contactos vía telefónica/correo electrónico/whatsapp entre ambos equipos decanais.

A acta da citada reunión pode consultarse no apartado 6, Anexos.

4.1.8. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

Durante o curso académico 2022/2023 celebrouse unha reunión da Comisión de Coordinación do PCEO ADE-Dereito o 21/07/2023 coa seguinte orde do día (extracto da convocatoria remitida pola Decana da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo):

1. Designación do membro da comisión que exercerá a función de secretaría na presente reunión.
2. Aprobación se procede, da acta da reunión anterior.
3. Informe da coordinadora do grao en Dereito e do coordinador do grao en ADE.
4. Análise dos datos académicos que deben acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG, relación de datos dos tres últimos cursos dende o curso 2019/20.
5. Análise dos datos de abandono do PCEO e das taxas de gradación e idoneidade.
6. Análise das enquisas de satisfacción da titulación.
7. Rolda de intervención e propostas de accións de mellora.

A acta da citada reunión, pendente de aprobación, pode consultarse no apartado 6, Anexos.

4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade

No curso 2022/2023, a Comisión de Calidade da Facultade de Dereito adoptou os seguintes acordos, estimados relevantes dende a perspectiva da Coordinación:

- 16/09/2022:

Acórdase por asentimento validar o documento: “Observacións e Plan de Melloras sobre o Informe Provisional de Certificación da implantación do SGIC”.

- 25/11/2022:

Acórdase validar a presentación da declaración de interese na tramitación da verificación das seguintes titulacións:

- Máster universitario en Avogacía e Procura, conforme ás esixencias da Lei 15/2021, de 23 de outubro.
- Máster universitario en Criminoloxía para a súa implantación no curso académico 2024-2025.

- 16/12/2022:

Acórdase:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 8 de xullo de 2022 e extraordinarias dos días 16 de setembro e 25 de novembro de 2022.
2. Validar os informes finais de avaliación do PAT do curso 2021-2022 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en avogacía.
3. Validar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2021-2022 e delegar nas Coordinadoras de ambas as dúas titulacións a competencia para incluír as modificacións que procedan.
4. Validar a memoria do Curso de Actualización Xurídica 2021-2022.
5. Delegar na Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía a competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.
6. Validar a nova versión do Manual de Calidade.
7. Trasladar ao órgano competente o informe elaborado polo Xefe de equipo do campus sobre as necesidades estruturais do PAS do centro.
8. Trasladar ao órgano competente as necesidades de formación manifestadas polo PAS do centro.
9. En relación coas necesidades de formación do PDI:
 - a) Trasladar á Área de formación e innovación educativa as necesidades de formación manifestadas polo persoal docente e investigador: actualización sobre as utilidades da plataforma Moovi e deseño de proxectos de innovación docente.
 - b) Reiterar a solicitude para a realización dun curso sobre a firma dixital: solicitude, uso e manexo.
10. Validar as propostas realizadas en materia de execución de gastos.
11. Que a Comisión encargada da elaboración do programa estratéxico da Facultade a integren os membros da Comisión de calidade.

- 13/04/2023:

Acórdase por asentimento validar a Memoria do Máster Universitario en Criminoloxía pola Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

- 1/06/2023:

Acórdase por asentimento validar a Memoria definitiva do Máster Universitario en Criminoloxía pola Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

- 11/07/2023:

Acórdase por asentimento validar as guías docentes do Máster Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría e as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2023-2024, se ben en relación o Grao en Dereito, as guías das materias “Dereito Civil II. Dereitos reais” e “ Dereito de danos e responsabilidade civil” a validación queda condicionada a súa revisión polo coordinador das devanditas materias e ao posterior visto e prace da coordinadora da titulación.

4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2022/2023 desenvóléronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas –ben presencialmente, ben *on line*–:

FACULTADE DE DEREITO CURSOS CELEBRADOS NO ANO ACADÉMICO 2022/2023		
TÍTULO	ORGANIZACIÓN	DATA
Xornada de acollida. Introducción aos estudos de Dereito	D ^a Marta Fernández Prieto D ^a Lourdes Borrajo Diz	5/09/2022
Xornada de acollida. Mestrado universitario en Avogacía	D ^a M ^a M ^a Dolores Fernández Fustes D. Benjamín Mayo Martínez D. Roberto O. Bustillo Bolado	26/09/2022
Encontro sobre Dereito e Literatura	D. Pablo Bonorino Ramírez D. Xosé Manuel Pacho Blanco	20/10/2022
Seminario Internacional: Métodos ADR y ODR na resolución de conflitos medioambientais	D. ^a Inés Iglesias Canle D. ^a Ana I. González Fernández	24/10/2022-25/10/2022
Curso de actualización xurídica 2022/2023	D ^a . Marta Fernández Prieto D ^a . Susana Álvarez González D ^a . Francisca Fernández Prol	21/10/2022 a 12/05/2023
Jornada Feminismo y Teoría del Derecho	D. Pablo Bonorino Ramírez D. Xosé Manuel Pacho Blanco	6/10/2022 y 10/11/2022
Obradoiro: O seguro obrigatorio de responsabilidade civil pola circulación de vehículos de motor e a nova Directiva (UE) 2021/2118	D ^a . Ana María Tobío Rivas D. Juan Manuel De Los Ríos Sánchez D. Roberto Couto Calviño D ^a . Sara Menor Conde	25/10/2022

<p>Xornada: visita á Unidade de Antropoloxía Forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia</p> <p>Conferencia: A antropoloxía forense ao servizo da xustiza</p>	<p>D.^a Marta Fernandez Prieto</p> <p>D. Benjamín Mayo Martínez</p>	<p>8/11/2022</p>
<p>Jornadas sobre sesgos, argumentación y decisión judicial</p>	<p>D. Pablo Bonorino Ramírez</p> <p>D. Xosé Manuel Pacho Blanco</p>	<p>10/11/2022</p>
<p>Xornada: Violencia e acoso nas Relacións Laborais</p>	<p>D.^a Marta Fernández Prieto</p> <p>D.^a Antía Sández Callejo</p>	<p>30/11/2022</p>
<p>Orientación académica para estudantes de 3º curso de Grao en Dereito 4º curso do PCEO ADE-Dereito</p>	<p>D.^a Marta Fernández Prieto</p>	<p>30/01/2023</p>
<p>Obradoiro de Orientación profesional para estudantes e titulados da Facultade de Dereito</p>	<p>D.^a. Marta Fernández Prieto</p> <p>D.^a. Susana Álvarez González</p>	<p>8/02/2023</p>
<p>Módulo Jean Monnet</p> <p>A Administración Tributaria ante os retos dos novos modelos de negocio</p>	<p>D. Luis M. Muleiro Parada</p> <p>Dna. Mónica Siota Álvarez</p>	<p>9, 15, 16 e 23 de febreiro e 2 de marzo de 2023</p>
<p>Módulo Jean Monnet</p> <p>O Pacto Verde Europeo. Análise e perspectivas</p>	<p>D.^a. Laura Movilla Pateiro</p>	<p>4/02/2023 ao 5/05/2023</p>
<p>Seminario Internacional: Mantemento e recuperación do emprego. Colectivos de atención primaria</p>	<p>D. Jaime Cabeza Pereiro</p> <p>D.^a. Marta Fernández Prieto</p>	<p>15/06/2023 e 16/06/2023</p>
<p>Módulo Jean Monnet</p> <p>Curso de Verán: "A empresa na Unión Europea".</p>	<p>D. Luis M. Muleiro Parada</p> <p>Dna. Carmen Ruíz Hidalgo</p>	<p>14, 15, 16, 20, 21 e 22 de xuño de 2023</p>

4.2.3. Actuacións de promoción do centro

Ao longo do curso 2022-2023 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro entre as que cómpre destacar

- Celebración do Curso Cero: o día 5 de setembro de 2022 celebrouse, na aula magna da Facultade de Dereito, a “Xornada de aollida: introdución aos estudos de Dereito”, destinada a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o Grao en Dereito -así como o Programa Conxunto ADE-Dereito- e dando a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade.
Obxectivos:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Celebración do curso 3.5: o Curso de Orientación académica para estudantes de 3º curso do Grao en Dereito e de 4º curso do PCEO-ADE-Dereito, celebrouse o 30 de xaneiro de 2023 na Aula Magna da Facultade de Dereito.
Obxectivos:
 - presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao (oferta de optativas, prácticas externas e extracurriculares)
 - facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado, así como o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral
 - dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Organización de actividades múltiples: desenvolvéronse na Facultade –no seu caso, a través do Campus Remoto-, conferencias, seminarios, congresos e xornadas sobre diversos temas xurídicos (vid. Apartado 4.2.2). Tales actividades foron publicitadas mediante folletos e carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de “Actualidade” - <http://dereito.uvigo.es/es/> -. Así mesmo, os eventos foron obxecto de comunicación á prensa.

4.2.3.1. Promoción internacional do centro a través do profesorado, PAS e alumnado participante en programas de mobilidade:

- PDI:
 - Grao: Dato solicitado á Oficina de Relacións Internacionais
 - Máster: Dato solicitado á Oficina de Relacións Internacionais
- PAS: Dato solicitado á Oficina de Relacións Internacionais
- Alumnado:
 - Mobilidade ERASMUS:
 - Grao: 8 alumnos/as
 - PCEO:
 - Mobilidade SICUE:
 - Grao: 1 alumna
 - PCEO:

4.2.3.2. Promoción da titulación e divulgación das actividades levadas a cabo na Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso:

Divulgación a través das redes sociais, especialmente facebook, e instagram, de todas as actividades que se levan a cabo na Facultade.

4.3. Incidencias e actuacións máis relevantes. Accións de mellora

4.3.1. Incidencias e actuacións máis relevantes

A. PRIMEIRO PERIODO

Como en cursos precedentes, no primeiro período, requeriuse ao profesorado a elaboración de cronogramas das materias, sendo os mesmos obxecto de análise pola Coordinación, sinaladamente a efectos de elaboración do Google Calendar. Esta ferramenta, a disposición do alumnado na páxina web do centro, permite visualizar, por cursos académicos, as probas de avaliación continua fixadas polo profesorado. Elo permite evitar sobrecargas de traballo -de apreciarse exceso ou concentración de probas nuns mesmos días, solicítase ao profesorado cambios na planificación das tarefas-, así como unha mellor auto-organización do alumnado.

B. SEGUNDO PERIODO

De novo, no segundo período, requeriuse ao profesorado a elaboración dos cronogramas das materias, sendo os mesmos obxecto de análise pola Coordinación, sinaladamente a efectos de elaboración do Google Calendar. Esta ferramenta, a disposición do alumnado na páxina web do centro, permite visualizar, por cursos académicos, as probas de avaliación continua fixadas polo profesorado. Elo permite evitar sobrecargas de traballo -de apreciarse exceso ou concentración de probas nuns mesmos días, solicítase ao profesorado cambios na planificación das tarefas-, así como unha mellor auto-organización do alumnado.

4.3.2. Accións de mellora para o curso 2023/2024

- En relación co centro, con proxección xa que logo para o conxunto de titulacións impartidas no mesmo:
 - Colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo na III Edición da Feira internacional EMPREGOinCAMPUS -data prevista: abril de 2024-, co obxectivo de por en contacto a titulados/as e estudantes da Facultade de Dereito con entidades que estean buscando talento e coas Administracións que desexen mostrar ao alumnado a súa oferta de emprego. A Facultade de Dereito colaborará coas seguintes accións:
 - Comunicación e selección das empresas que participen cun stand físico.
 - Invitación ás empresas/entidades a participar na modalidade presencial e virtual.
 - Difusión entre os estudantes e profesorado.
 - Fomento da asistencia do estudantes á feira.
 - Programación de actividades paralelas antes e/ou durante a feira: seminarios sobre saídas profesionais, mesas redonda con egresados, desenvolvemento de procesos de recrutamento, etc.
 - Organización, en colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo, dun obradoiro dirixido a estudantes da Facultade de Dereito para a elaboración de CV e a preparación de entrevistas. O devandito obradoiro prevese no segundo período do curso 2023-2024.
 - Visita, durante o curso 2023-2024, do estudiantado do Grao en Dereito, PCEO e Máster en Avogacía e Procura, a institucións xudiciais ou vinculadas co ámbito xurídico, así, entre outras, ao Tribunal Constitucional, ao Tribunal Supremo, ao Instituto de Medicina Legal de Galicia, etc.
- En relación co GRAO, as propostas de mellora son:

A) Propostas de mellora en coordinación coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo:

- Adaptar a memoria do Grao en Dereito ao RD 822/2021 polo que se refire ao ámbito de coñecemento ao que se pode inscribir a titulación.

- Dar a coñecer o sistema de garantía da titulación. Trataríase dunha acción dirixida, fundamentalmente, ao estudiantado da titulación, que se podería levar a cabo mediante a elaboración dunha pequena guía explicativa ou pósters.

-Elaborar, e propor ante os órganos correspondentes da Universidade de Vigo, unha listaxe de cursos de formación para o profesorado da titulación.

- Facer unha análise xeral dos indicadores académicos (taxas, sic.) por materias do estudiantado, e análise comparativa xeral entre ambas facultades nas materias nas que estes indicadores revelen un reducido rendemento do estudiantado.

B) Propostas de mellora específicas da Facultade de Dereito:

-Solicitar o selo de empregabilidade.

-Solicitar o selo de galeguización.

• En relación co PCEO, non se propoñen accións de mellora específicas.

• En relación co PAT-ANAE da Facultade de Dereito, as propostas de mellora son:

- Revisión do proceso de asignación de profesores/as titores/as para garantir, sempre que elo resulte posible, que os/as mesmos/as sexan ou fosen docentes dos/as alumnos/as titorizados.

- Designación dos/as delegados/as de curso como alumnos/as/ titores/as dos cursos correspondentes.

- Inserción, no marco das correspondentes reunións de coordinación cos representantes do alumnado, dunha fase de información relativa aos obxectivos, ferramentas e accións do PAT.

- Fomento de novas canles de comunicación entre os/as alumnos/as titores/as e o alumnos/as titorizados/as.

• En relación coa coordinación das prácticas externas, as propostas de mellora son:

- Unha vez superada a situación de saúde pública e a plena presencialidade na Universidade, aumentar os ámbitos de realización das prácticas e retomar algúns xa ofertados de forma previa ao curso 2019-2020.

-Adaptación das prácticas á normativa de Seguridade Social que prevé a cotización das mesmas, de conformidade co disposto polos órganos competentes da Universidade de Vigo.

• En relación coa coordinación de relacións internacionais e programas de mobilidade, non se propoñen accións de mellora.

• En relación coa coordinación da materia de TFG, as melloras propostas son:

- Valorar a necesidade ou non de gravación da defensa do TFG para dar cumprimento ao artigo 22.2 do vixente Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (aprobado no claustro do 18 de abril de 2023), que esixe, en relación coas probas de avaliación oral, incluíndo expresamente a defensa do TFG e sempre que sexa posible, que deban “gravarse ou, en calquera caso, contar cunha alternativa que as permita revisar e concorde co proceso de ensino-aprendizaxe”.

3. Conclusións

As accións desenvolvidas -entre outras, reunións de coordinación co alumnado, reunións de coordinación co Profesorado, Plan de Acción Titorial, Coordinación do alumnado implicado en programas e accións de mobilidade, Coordinación da materia TFG, Coordinación de Prácticas Externas...- garanten un rigoroso cumprimento da Memoria do Grao en Dereito. Ademais, aportan á Comisión de Calidade e ao Decanato información relevante relativa ao proceso de implantación do Sistema de Garantía da Calidade na Facultade de Dereito, tanto no marco do Grao en Dereito como respecto do Plan Conxunto ADE-Dereito.

A análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e no Plan Conxunto ADE-Dereito permiten acadar as conclusións seguintes:

- Na Facultade de Dereito, o desenvolvemento da docencia, así como doutras actividades complementarias, non se viu afectado por disfuncións notables ou de carácter substancial.
- As disfuncións detectadas -menores ou accesorias- foron obxecto de análise detallada polos órganos correspondentes e posterior resolución conforme á normativa de aplicación.
- Malia o balance positivo do Curso 2022-2023, propóñense, para os próximos cursos, varias accións, dirixidas a proseguir na mellora continua da titulación.

4. Anexos

Para completar a información, achéganse, en Anexos, os documentos seguintes:

ANEXO I: ACTAS DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN

ANEXO II: INFORME SEGUIMIENTO TFG

ANEXO III: INFORME SOBRE COOPERACIÓN CON INSTITUCIÓN E EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES NO CURSO 2022/2023 E PROPOSTA, SE PROCEDE, DE MELLORAS PARA O CURSO 2023/2024

ANEXO IV: INFORME DE SEGUIMIENTO. RELACIÓN INTERNACIONAIS

ANEXO V: INFORME FINAL DE REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES PARA O CURSO 2023-2024

ANEXO VI: INFORME FINAL PAT 2022/23

ANEXO I: ACTAS DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN

Reunión de coordinación cos delegados de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito, celebrada os días 18 e 25 de novembro de 2022.

<p>Lista de asistentes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Profª. Álvarez González- Profª. Fernández Prol- Delegados/as de 1º curso Grao: Kevin Ángel Seijo Fernández / Vanesa Cid Rojas- Delegados/as de 1º curso PCEO: Natalia Cid / Uxía Collazo- Delegados/as de 2º curso Grao: Noa González Tizón- Delegados/as de 2º curso PCEO: non asisten- Delegados/as de 3º curso Grao: Sofía Salgado Pontón / Juan Santiago Cacharro Rielo- Delegados/as de 3º curso PCEO: Paula Viceiro Diz / Sheila Otero Fernández- Delegados/as de 4º curso Grao: Greta Alonso / María González Román- Delegados/as de 4º curso PCEO: Celeste Lodos Rodríguez- Delegados/as de 5º curso PCEO: non asisten.	<p>Acta da reunión ordinaria de coordinación celebrada o día 18 de novembro de 2022, ás 12:00 na aula virtual da Sala de Xuntas do Decanato (plataforma Campus Remoto), coa seguinte orde do día:</p> <p>1º-. Informes da Coordinadora de Grado.</p> <p>2º-. Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do curso académico.</p> <p>3º-. Rogos e preguntas</p> <p>Posto que os representantes do alumnado de 2º e 4º curso do PCEO amosaron imposibilidade para asistir na data indicada, para estes a xuntanza adíouse ao 25-11-2022</p>
---	---

Punto 1º. Informes da Coordinadora do Grao:

A coordinadora agradece aos representantes a súa asistencia á xuntanza, sinalando que a mesma ten por obxecto coñecer a súa valoración do curso académico, así como posibles incidencias e disfuncións.

Punto 2º-. Exposición por parte dos representantes asistentes do seu balance do curso académico:

PRIMEIRO CURSO:

Os/as delegados/as de 1º curso do Grao, Kevin Ángel Seijo Fernández e Vanesa Cid Rojas, sinalan que non tiveron ningún problema relevante durante o curso académico, só as dificultades propias da transición aos estudos universitarios.

As representantes do PCEO, Natalia Cid e Uxía Collazo, coinciden con dita avaliación, destacando que agora xa están afeitos aos horarios de tarde, que, nun principio, lles resultaron incómodos.

A Profª. Álvarez González explica os motivos polos que a docencia no PCEO se desenvolve en horario de tarde.

SEGUNDO CURSO:

As delegadas de 2º curso do Grao avalían positivamente o desenvolvemento da docencia.

Os delegados de 2º curso do PCEO, convocados o 25-11-2022, non acudiron á xuntanza.

TERCEIRO CURSO:

Os/as delegados/as de 3º curso do Grao, Sofía Pontón e Juan Santiago Cacharro Rielo, non sinalan ningunha incidencia de carácter académico, pero si destacan dificultades para facer fotocopias na Facultade. A Profª. Álvarez González sinala que a Facultade está pendente da adxudicación do servizo a unha nova empresa.

As delegadas de 3º curso do PCEO, Paula Viceiro Diz e Sheila Otero Fernández, non indican ningunha disfunción. Con todo, destacan que, ata o momento, non tiveron probas de avaliación continua, polo que lles gustaría que se efectuasen máis probas parciais liberatorias. Valoran moi positivamente a visita realiza ao Instituto de Medicina Legal de Galicia, polo que lles gustaría que houboese mais saídas de campo.

CUARTO CURSO:

As delegadas de 4º curso do Grao, Greta Alonso e María González Román, destacan o transcurso adecuado do cuadrimestre. Indican, con todo, que xa non hai fotocopiadora na aula de estudo e que, no seu caso, non fixeron nunca saídas de campo. A Profª. Álvarez González sinala que aula de estudio está pendente de reforma. En canto á saída ao IMELGA explica que se ofertou, en principio, para o alumnado do Máster, abríndose, a posteriori, as prazas sobrantes ao alumnado de Grao. Toma a palabra Juan Santiago Cacharro, delegado de 3º curso e secretario da Delegación de alumnos/as, para indicar que se algún curso ten interese nalgunha visita institucional poden dirixirse á Delegación, para procurar a súa organización. Anima, así mesmo, a que os/as representantes de alumnos/as presentes participen na Delegación. O día 25-11-2022 acude á xuntanza Celeste Lodos Rodríguez, delegada de 4º curso do PCEO, que non indica ningunha incidencia. A coordinadora pregunta pola escasa asistencia, respondendo a alumna que son poucos os matriculados e algúns compañeiros/as non asisten aos solaparse a docencia con outras actividades extra-académicas, sinaladamente laborais.

QUINTO CURSO PCEO:

Non asisten

Nunha última rolda de intervencións aberta pola coordinadora, os asistentes plantexan as cuestións seguintes:

- Horario de calefacción: indícase que o mesmo non depende do equipo decanal, senón que é a vicerreitoría a que establece os horarios de alumeado e apagado.
- Saídas de campo: son obxecto de financiación pola Uvigo, previa solicitude conforme a correspondente convocatoria, sendo preciso que figure un profesor responsable.
- Traballo de fin de grao: as coordinadoras, as Profª. Fernández Prieto e Sánchez Ramos convocarán en xaneiro a unha sesión de carácter informativo.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos, nin preguntas

Levantase a sesión ás 12:40 horas.

Ourense, 18/25 de novembro de 2022.

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Reunión de coordinación co profesorado do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito, celebrada o día 18 de novembro de 2022.

<p>Lista de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Coordinadora)2. Prof^a. Susana Álvarez González3. Prof^a. Lourdes Borrajo Diz4. Prof. Roberto Bustillo Bolado5. Prof. Roberto Couto Calviño6. Prof^a. Marta Fernández Prieto7. Prof. Fernando Franco PazProf. Agustín González Ares8. Prof. Virxilio Rodríguez Vázquez9. Prof^a. Mónica Siota Álvarez	<p>Acta da reunión ordinaria de coordinación celebrada o día 18 de novembro de 2022, ás 13:00 na aula virtual da Sala de Xuntas do Decanato (plataforma Campus Remoto), coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none">1º-. Informes da Coordinadora de Grado.2º-. Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do curso académico.3º-. Rogos e preguntas
---	---

Punto 1º. Informes da Coordinadora do Grao:

A coordinadora agradece ao profesorado a súa asistencia á xuntanza, sinalando que os seguintes docentes remitiron comunicacións xustificando a súa ausencia:

- Prof^a. Ana Tobío Rivas
- Prof^a. Laura Movilla Pateiro
- Prof^a. Belén Sánchez Ramos
- Prof. Guillermo Suárez Blázquez

A coordinadora sinala que se elaborou o Google Calendar cos cronogramas remitidos polo profesorado, estando a devandita ferramenta a disposición do alumnado dende o inicio do cuadrimestre. Igualmente, indica que se mantivo a correspondente reunión de coordinación cos delegados de curso, amosando estes, en termos xerais, a súa satisfacción co desenvolvemento do curso. Con todo, os devanditos representantes demandaron máis información sobre saídas profesionais, así como máis probas de avaliación continua no 3º curso do PCEO. O que se traslada ao profesorado e ao equipo decanal para a súa consideración.

Punto 2º-. Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do curso académico

A coordinadora procede a dar a palabra aos docentes presentes, para que, curso por curso, indiquen as disfuncións detectadas no marco do desenvolvemento da docencia e realicen as valoracións que estimen pertinentes.

PRIMEIRO CURSO:

O Prof. González Ares sinala que na materia Dereito Constitucional I está a darse cumprimento ao cronograma en ambas titulacións, apreciando, ademais, unha mellora moi notable na asistencia (que estima nun 80 por 100 aproximadamente). O Prof. González Ares destaca a educación e bo comportamento do alumnado.

O Prof^a. Borrajo Diz, por contra, considera que a asistencia baixou dende mediados de outubro, asistindo con regularidade escasos alumnos e acudindo a maioría só os días nos que se celebran probas de avaliación continua. Considera que tal escasa asistencia ás aulas explica o descenso no rendemento académico.

A Prof^a. Álvarez González sinala que no seu caso a docencia está a desenvolverse sen incidencias. Con todo, destaca un descenso na asistencia no Grao exclusivamente –non no PCEO- a partir da 7ª semana, nas clases teóricas fundamentalmente. Elo repercute no rendemento, que no Grao é inferior que no PCEO.

A Coordinadora pregunta a qué pode deberse tal descenso na asistencia. A Prof^a. Álvarez González sinala que, ao seu entender, elo débese aos malos resultados acadados nunha proba, que puido determinar certa “desilusión”, centrando os alumnos os seus esforzos noutras materias nas que obtiveran mellores resultados.

SEGUNDO CURSO:

O Prof. Franco Paz sinala que todo está a transcorrer con normalidade no Grao e no PCEO. Destaca o interese e bo comportamento do alumnado.

O Prof. Rodríguez Vázquez sinala, pola súa banda, que non se detectaron incidencias. Nas clases prácticas á asistencia é media-alta (arredor dun 80/75 por 100 do alumnado acude ás clases), sendo algo menor (arredor do 50 por 100) no caso das clases teóricas. Tal parecer, ademais, é compartido polo resto do profesorado da área de Dereito Penal.

TERCEIRO CURSO:

O Prof. Couto Calviño sinala que só imparte docencia no PCEO, no tendo detectado disfuncións no desenvolvemento da docencia. Aprecia unha diferenza sensible respecto do curso pasado, sendo maior a asistencia e tamén a participación do alumnado. Tal asistencia é practicamente do 100 por 100 nas clases prácticas e un pouco menor nas teóricas.

A Profª. Fernández Prieto coincide coas apreciacións do Prof. Couto Calviño. A asistencia e participación nas súas clases son, en efecto, notables (asistindo con regularidade arredor de 30 alumnos, que, ademais, acadaron bos resultados na proba parcial).

O Prof. Bustillo Bolado sinala que o nivel dos alumnos de 3º curso é elevado, conformando un grupo activo que amosa interese na materia. O profesorado da área que imparte docencia no PCEO transmitiulle o correcto desenvolvemento da docencia no citado Plan Conxunto.

CUARTO CURSO:

A Profª. Siota Álvarez sinala que, tanto no Grao como no PCEO, a docencia está a desenvolverse con normalidade, destacando a actitude e comportamento positivo do alumnado. Con todo, o descenso da asistencia no Grao, dende a metade do cuadrimestre foi considerable. No PCEO o grupo non é numeroso (aínda que si mais que o curso precedente), pero asiste con regularidade. Destaca, ademais, os bos resultados no PCEO.

A Coordinadora agradece a todos os asistentes as súas valoracións e lembra que dispoñemos, como docentes, das ferramentas para reverter as disfuncións apreciadas, sinaladamente o descenso da asistencia nalgún curso. Ao seu entender, as reformas introducidas en guías docentes e sistemas de avaliación están xa a dar os seus froitos, apreciándose, en termos globais, ao marxe de descensos puntuais, unha mellora da asistencia.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos, nin preguntas

Levantase a sesión ás 13:40 horas.

Ourense, 18 de novembro de 2022.

Asdo.: Francisca Fernández Prol

Reunión coas/os delegadas/os do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito, celebrada o día 14 de abril de 2023:

<p>Listaxe de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Prof^a. Mónica Siota Álvarez (Coordinadora do Grao)2. Prof^a. Francisca Fernández Prol (Vicedecana de Organización Académica)3. Alumnado:<ul style="list-style-type: none">- Delegados/as de 1º curso Grao: Kevin Ángel Seijo Fernández / Vanesa Cid Rojas- Delegados/as de 1º curso PCEO: non asisten- Delegados/as de 2º curso Grao: non asisten- Delegados/as de 2º curso PCEO: non asisten- Delegados/as de 3º curso Grao: Sofía Salgado Pontón- Delegados/as de 3º curso PCEO: Paula Viceiro Diz- Delegados/as de 4º curso Grao: Non asisten.- Delegados/as de 4º curso PCEO: non asisten- Delegados/as de 5º curso PCEO: Luis Miguel Bouzo Álvarez/Alex Méndez Touza	<p>Acta da reunión cos/as delegadas/os de curso, celebrada o día 14 de abril de 2022, ás 10:30 a través do Campus Remoto, co seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none">1º. Informes da Coordinación do Grao.2º. Exposición, por parte das delegadas/os asistentes, do seu balance do segundo período do curso académico.3º. Rogos e preguntas.
---	--

Punto 1º. Informes da Coordinación do Grao.

A Coordinadora agradece a asistencia á reunión dos delegados/as, e da Vicedecana de Organización Académica. A Coordinadora informa sobre a posta en marcha, tamén neste segundo período, da ferramenta Google Calendar, na que se consignaron as probas de avaliación continua indicadas nos correspondentes cronogramas das materias.

Punto 2º. Exposición, por parte dos delegados/delegadas asistentes, do seu balance do segundo período do curso académico.

A continuación, expóñense as valoracións/reflexións/preguntas formuladas polos delegados, ordenadas por curso académico.

PRIMEIRO CURSO:

Os delegados de 1º curso do Grao, Kevin Ángel Seijo Fernández e Vanesa Cid Rojas, sinalan que no segundo período atópanse máis adaptados e que a docencia está a desenvolverse con normalidade.

Os delegados de 1º do PCEO non asistiron á xuntanza.

SEGUNDO CURSO:

Os delegados de 2º do Grao e do PCEO non asistiron á xuntanza.

TERCEIRO CURSO:

As delegadas de 3º curso do Grao e do PCEO en Dereito, Sofía Salgado e Paula Viceiro, indican que a docencia está a desenvolverse con normalidade.

CUARTO CURSO:

Os delegados de 4º curso do Grao e do PCEO non acudiron á reunión; pero excusaron a súa asistencia. Con todo, manifestaron a súa satisfacción co desenvolvemento da docencia.

QUINTO CURSO:

A Coordinadora do Grao recorda, aos delegados do PCEO, que o estudantado deste curso debe solicitar a separación dos seus expedientes académicos na secretaria.

Os delegados do PCEO, Luis Miguel Bouzo Álvarez e Alex Méndez Touza, valoran positivamente o desenvolvemento do período docente, pero expón dúas posibles melloras: que se habilite a sala de lectura do primeiro andar e que se modifiquen os horarios das optativas do Grao en Dereito para que o alumnado do PCEO poida escoller con total liberdade a optativa a cursar. A Vicedecana de Organización académica indica, en relación a primeira proposta, que a sala non está en bo estado por certas filtracións de auga e que, polo momento, non hai dispoñibilidade orzamentaria por parte da Vicerreitoría de Planificación para facer os arranxos necesarios. Polo que se refire a posible modificación dos horarios das materias optativas, a Vicedecana explica que é moi difícil facer cambios neses horarios, salvo que certas materias se impartan os venres.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Alex Méndez Touza, como usuario do ximnasio do Campus, indica que as instalacións do mesmo presentan certas deficiencias. A Vicedecana indícalle que se dará traslado das mesmas aos órganos con competencias na materia.

A coordinación agradece de novo a presenza das/os delegadas/os na reunión.

Levántase a sesión ás 11:05 horas.

Ourense, 14 de abril de 2023

Asdo.: Mónica Siota Álvarez

Reunión de Coordinación co profesorado do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito, celebrada o día 14 de abril de 2023.

<p>Lista de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Prof^a. Mónica Siota Álvarez (Coordinadora)2. Prof^a. Susana Álvarez González3. Prof^a. Zoraida Álvarez Pérez4. Prof^a. María Jesús Castro Batán5. Prof. José Ramón de Dios de Dios6. Prof^a. Francisca Fernández Prol7. Prof^a. Marta Fernández Prieto8. Prof^a. María Dolores Fernández Fustes9. Prof. Roberto Ignacio Fernández López10. Prof. Agustín González Ares11. Prof^a. Blanca Otero Otero12. Prof^a. Belén Sánchez Ramos	<p>Acta da reunión ordinaria convocada pola Coordinadora do Grao en Dereito, o día 14 de abril de 2023, ás 12:30 na sala de Xuntas do Decanato (a través do Campus Remoto), coa seguinte orde do día:</p> <p>1º-. Informes da Coordinadora de Grado.</p> <p>2º-. Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do curso académico.</p> <p>3º-. Rogos e preguntas</p>
--	--

Punto 1º. Informes da Coordinadora do Grao:

A coordinadora sinala que se elaborou Google Calendar cos cronogramas remitidos polo profesorado, estando a devandita ferramenta a disposición do alumnado dende o inicio do cuatrimestre.

A coordinadora agradece ao profesorado a súa asistencia á xuntanza, sinalando que a Prof^a Teresa Cuñarro López remitiu comunicación desculpando a súa presenza na reunión.

Punto 2º-. Exposición por parte dos profesores asistentes do seu balance do curso académico

A coordinadora procede a dar a palabra aos docentes presentes, para que, curso por curso, indiquen as disfuncións detectadas no marco do desenvolvemento da docencia e realicen as valoracións que estimen pertinentes.

PRIMEIRO CURSO:

O Prof. González Ares sinala unha asistencia numerosa ás clases de 1º curso neste segundo periodo, aínda que nas dúas últimas semanas a presenza do estudantado nas aulas descendeu considerablemente. O citado docente destaca, así mesmo, o bo comportamento amosado, en xeral, polo alumnado e o bos resultados das probas de avaliación realizadas.

A Prof^a. Zoraida Álvarez Pérez, con docencia no PCEO e no Grao, sinala que está a advertir mais implicación estudio e asistencia a clases por parte dos estudantes do Grao que por parte dos do PCEO. A docencia está a desenvolverse con normalidade, se ben destaca que o estudantado pide que se lle faciliten os materiais de estudo e que non toman nota da explicación que se ofrece na aula.

SEGUNDO CURSO:

A Prof^a. Belén Sánchez Ramón, con docencia no Grao en Dereito, sinala que non ten apreciado ningunha disfunción en segundo curso.

A Prof^a. Blanca Otero Otero, con docencia no PCEO, destaca que o grupo é bo e que asisten de xeito maioritario as clases.

TERCEIRO CURSO:

A Prof^a. Fernández Fustes manifesta que o grupo do Grao é moi bo, está implicado e é moi participativo. A asistencia ás clases tamén é destacable.

O Prof. Roberto Ignacio Fernández López sinala a súa preocupación pola facilidade coa que o alumnado se adheriu ao sistema de avaliación continua; xa que os resultados non foron os esperados. Destaca que os alumnos non aproveitan axeitadamente a avaliación continua, por non ter suficiente capacidade de planificación e organización. A Prof^a. Castro Batán considera que o grupo do Grao é magnífico e que os resultados académicos non foron malos. Con todo está preocupada por se a organización da Feira de Emprego, que se celebrou neste segundo período, poidese ter perxudicado os resultados académicos ao modificarse as datas de certas probas de avaliación.

A Vicedecana de Organización académica, a prof^a. Fernández Prol, sinala que a organización da devandita Feira dependeu da Vicerreitoría do Campus. Pero que na medida en que se trataba dunha actividade extra académica de gran interese para o noso alumnado, había que facilitar a asistencia á mesma polo que pediu certa flexibilidade á hora de fixar as probas de avaliación continua.

CUARTO CURSO:

A Prof^a. Blanca Otero Otero sinala que, na materia que ela imparte, a asistencia a clases é normal.

A Decana toma a palabra para informar dunha cuestión que non é nova; pero na que se debemos seguir mellorando: a taxa de idoneidade no PCEO. No presente curso académico cumpríuse no último curso; pero existen distintos factores que nos perxudican para alcanzala como, por exemplo, que o grupo do PCEO é moi reducido e no caso de que se produzan abandonos da titulación a taxa de idoneidade baixaría tamén. Neste sentido estanse adoptando distintas accións para mellorar a devandita taxa, como por exemplo: introducir unha convocatoria de defensa do TFG no mes de setembro; intentar unha maior coordinación co profesorado de ADE no momento de fixar as probas de avaliación continua, etc.

O Prof. Fernández López agradece a información proporcionada pola Decana, pero sinala que o PCEO que se imparte na Facultade naceu cun problema estrutural que nos perxudica, con independencia do marxe de mellora que podamos acadar coa implantación das distintas accións que ven de sinalar a Decana, e é que o grupo do PCEO non está recoñecido como grupo autónomo. E nese sentido, sinala que, ao mellor non deberíamos de renunciar a esa posibilidade.

Punto 3º. Rogos e preguntas.

Non hai rogos, nin preguntas

A Coordinadora agradece a todos os asistentes a súa presenza e valoracións. Pola súa banda a Vicedecana de Organización académica lembra que estamos no momento para repensar as nosas guías docentes, incluíndo ferramentas para revertir posibles disfuncións na docencia.

Levantase a sesión ás 13:10 horas.

Ourense, 14 de abril de 2023.

Asdo.: Mónica Siota Álvarez

Reunión da Comisión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO), celebrada o día 21 de xullo de 2023 -pendente de aprobación-

<p>Listaxe de asistentes:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Prof^a. Susana Álvarez González (Decana da Facultade de Dereito).2. Prof^a. Mónica Siota Álvarez (Coordinadora do Grao en Dereito).3. Prof^a. Francisca Fernández Prol (vicedecana de organización académica da Facultade de Dereito, e anterior coordinadora do Grao en Dereito).4. Prof^a. Montserrat Cruz González (Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo)5. Prof. Xabier Sánchez Sello (Vicedecano de Estudos de Grao da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo)6. Prof. Alberto Vaquero García (Secretario da de Ciencias Empresariais e Turismo).7. Prof. Marcos Álvarez Díaz (Coordinador do Grao en ADE)	<p>Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO), convocada pola Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (FCETOU) o día 21 de xullo de 2023, ás 11:00 horas en primeira convocatoria e ás 11:15 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas da FCETOU, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none">8. Designación do membro da comisión que exercerá as función de secretaría na presente reunión.9. Aprobación se procede, da acta da reunión anterior.10. Informe da coordinadora do grao en Dereito e do coordinador do grao en ADE.11. Análise dos datos académicos que deben acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG, relación de datos dos tres últimos cursos dende o curso 2019/20.12. Análise dos datos de abandono do PCEO e das taxas de gradación e idoneidade.13. Análise das enquisas de satisfacción da titulación.14. Rolda de intervención e propostas de accións de mellora. <p>Convidase así mesmo con voz e sen voto, á Sra. Vicedecana de Organización académica da Facultade de Dereito (Francisca Fernández Prol) e ó Secretario (Alberto Vaquero García) e Vicedecano de Grao e Relacións coa Empresa da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (Xabier Sánchez Sello).</p>
---	---

A decana da FCETOU comeza a reunión ás 11:17 informando que convidouse á reunión con voz e sen voto á Sra. Vicedecana de Organización Académica da Facultade de Dereito (Francisca Fernández Prol) e Vicedecano de Grao e Relacións coa Empresa da FCETOU (Xabier Sánchez Sello). Incorporouse máis tarde á reunión o Secretario da FCETOU (Alberto Vaquero García).

Punto 1º.- Designación do membro da comisión que exercerá as función de secretaria na presente reunión.

Noméase a Marcos Álvarez Díaz como secretario da presente reunión.

Punto 2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior.

Punto 3º.- Informe da coordinadora do grao en Dereito e do coordinador do grao en ADE.

A coordinadora do Grao en Dereito, a profesora Mónica Siota Álvarez, manifesta que asumiu a coordinación en febreiro de 2023 e, por este motivo, concede a palabra á anterior coordinadora e actual vicedecana de organización académica da Facultade de Dereito, a profesora Francisca Fernández Prol. A anterior coordinadora explica que puxo á disposición dos alumnos os cronogramas e o Google Calendar coas probas de avaliación continua para que o estudantado poida planificar as materias e xestionar mellor o seu tempo.

A profesora Francisca Fernández Prol tamén informa que os/as delegados/as de curso manifestaron nas xuntanzas que tivo con eles a súa satisfacción co PCEO. Non salientaron grandes disfuncións no funcionamento do PCEO. Agora ben, manifestaron as seguintes preferencias e accións de mellora:

- **O estudantado sinalan que prefiren que as clases sexan de mañá.** A Decana da FCETOU toma a palabra para expresar as dificultades que existen para formalizar os horarios. A Decana da Facultade de Dereito corrobora isto. Ela mesma intentou facer un horario con clases só pola mañá, pero foi imposible. Unha posibilidade era ter clase de mañá e tarde. O estudantado non mostrou unha boa predisposición pola alternativa proposta.

A actual coordinadora do Grao en Dereito, a profesora **Mónica Siota Álvarez**, informou que na súa reunión co estudantado mostraron as seguintes inquietudes:

- **Problemas para compatibilizar horarios para os estudantes do quinto curso do PCEO.** O estudantado de este curso queixasen polas dificultades para elixir optativas compatibles co seu horario. A solución proposta foi ter docencia os venres (día inicialmente sen docencia asignada). O alumnado non mostraron a súa predisposición por adoptar esta solución.
- **Necesidade da apertura da sala de lectura.** As Decanas informan de que xa falan previamente entre elas para a apertura da sala en un determinado horario, e solicitaron as obras de mellora que permitan a apertura da sala.
- **Distorsión da Xornada de Emprego nas probas de avaliación continua.** O estudantado mostrou o seu descontento polas datas nas que se celebrou este ano a Xornada de Emprego. Este evento, aínda que importante e moi interesante para os intereses dos estudantes, modificou probas de avaliación continua previamente fixadas nos cronogramas. Todos os membros da xuntanza coinciden en que para o ano que vén se deben planificar mellor os cronogramas tendo en conta a celebración da Xornada de Emprego.

Pola súa parte, o coordinador en ADE, o profesor Marcos Álvarez Díaz, informa da baixa participación dos /as delegados/as de curso nas xuntanzas de coordinación. Propón que estas xuntanzas sexan a mediados dos cuadrimestres, e nos a finais coma se ven realizando. Nas xuntanzas, os/as delegados/as solicitan unha mellora na coordinación dos cronogramas xa que se atopan con moitas probas de avaliación continua concentradas en semanas concretas do cuadrimestre. Este problema é de difícil solución xa que o profesorado adoita facer as probas a mediados e finais do cuadrimestre. Porén, evítase que os estudantes teñan dúas probas nun mesmo

día, e deben concienciarse de que unha avaliación continua esixe un traballo e estudo continuo ó longo do cuadrimestre.

Punto 4º.- Análise dos datos académicos que deben acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG, relación de datos dos tres últimos cursos dende o curso 19/20.

Punto 5º.- Análise dos datos de abandono do PCEO e das taxas de gradación e idoneidade.

O punto 4º e 5º da orde do día foron tratados de forma simultánea dado que consistiron no análise de diversos indicadores académicos.

A Decana da FCETOU afirma en xeral que os datos académicos son positivos. A **taxa de rendemento** é elevada, situándose por riba do obxectivo establecido ($\geq 70\%$). Se ben é certo, a Decana informa que se observa unha leve diminución no curso 2021-22 en comparación co curso 2020-21. A **taxa de éxito** está tamén por riba do obxectivo fixado ($\geq 80\%$), e obsérvase unha mellora no último curso. A **taxa de abandono** é baixa, aínda que incrementouse no curso 2021-22 (9.52%), aproximándose ó non cumprimento do obxectivo ($\leq 10\%$). A Decana da FCETOU destacou que este empeoramento do indicador non é moi problemático xa que se espera unha mellora do indicador para o curso 2022-23. Ademais, moitos dos abandonos non son reais xa que son estudantes que abandonan un dos graos (ADE ou Dereito), pero prosiguen os seus estudos na Universidade de Vigo. A **taxa de gradación** baixou no curso 2021-22, mais a Decana da FCETOU comenta dúas cuestións respecto a este indicador. A primeira é que a taxa baixou no último curso (do 57,14% no curso 2020-21 ó 53,89% no curso 2021-22). A segunda cuestión é que nunca se conseguiu o obxectivo fixado ($\geq 60\%$), aínda que estamos cerca de conseguilo. A Decana da FCETOU solicitou a posibilidade de baixar o obxectivo. A Decana de Dereito intervéñ para expresar que tamén valorou baixalo, mais pode haber problemas. Acordouse esperar un tempo para ver como evoluciona a taxa no próximo curso e valorar máis adiante a redución do obxectivo de que a taxa de gradación sexa superior ó 60%.

A Decana da FCETOU tamén comenta outros datos académicos de interese como é a nota de acceso, a nota media dos estudantes, a duración media dos estudos, a taxa de eficiencia e o número de estudantes matriculados. Con respecto á **nota de acceso** e a **nota media**, obsérvase un leve aumento na calidade destes indicadores con respecto ó curso 2020-21. A nota de acceso subiu do 9,13 ó 9,32, cumpríndose o obxectivo fixado (>7). A nota media incrementouse do 10.79 no curso 2020-21 ó 11.61 no curso 2021-22. Tamén é de salientar a diminución na **duración media dos estudos** no curso 2021-22 (5,53 anos) fronte ó curso anterior (5.71 anos). En calquera dos casos, cumprise o obxectivo dunha duración media inferior ós 6 anos. A **taxa de eficiencia** tamén mellora no curso 2021-22 situándose por riba do 90%, obxectivo inicialmente fixado. Finalmente, a Decana afirma que o número de estudantes matriculados é coherente, obtendo un número similar de estudantes ó curso pasado (109 fronte 114 do curso 2020-21).

A Decana da Facultade de Dereito intervén comentando o informe elaborado pola equipa decanal da Facultade de Dereito onde se analiza e comprobación do cumprimento do establecido nas disposicións sexta e sétima de las Instrucións de 16 de decembro de 2019, de la Secretaría Xeral de Universidades para a oferta de Programas de simultaneidade de graos no SUG. A Decana de Dereito informa que a análise dos datos durante estes últimos anos permite deducir unha dinámica positiva na evolución do PCEO. Sinala tres aspectos importantes:

- Trátase dun programa de alta demanda por parte do alumnado do SUG, tal e como reflexan os datos de preinscripción e matrícula;
- a nota de acceso é unha de las más elevadas del Campus e superior á máis alta das dous titulacións de grado integradas no programa;
- a taxa de abandono nos dous últimos cursos reduciuse considerablemente e axústase á meta establecida polo SGC para alcanzar os obxectivos de calidade do centro e da titulación. Non obstante, a Decana de Dereito matiza que no curso 2019-2020 esta taxa foi elevada, mais debe terse en conta que unha importante porcentaxe dos estudantes que abandonaron o PCEO continuaron os seus estudos de Grao en Dereito na Facultade de Dereito, ou ben os continuaron no Grao en ADE na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. Polo tanto, pódese afirmar que non é un abandono completo. Ademais, outra parte dos estudantes que abandonan o PCEO pasan, mediante o recoñecemento de créditos de Formación Básica, a outras titulacións do mesmo ámbito. Polo tanto, a Decana de Dereito destaca que o funcionamento do PCEO é coma un “Grao Aberto” que permite incrementar a flexibilidade nos estudos universitarios e ampliar as posibilidades de elección do alumnado no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas. Todo isto axuda a reducir as taxas reais de abandono ou de cambio de estudos nos primeiros anos da vida universitaria.

A Decana de Dereito analiza as táboas comparativas dos indicadores do PCEO e os Graos en Dereito e ADE. Os indicadores reflicten uns resultados positivos do PCEO. Destaca que a taxa de gradación dos últimos cursos dos que se dispoñen datos é superior ó 50%, e as taxas de eficiencia e éxito alcanzan valores próximos o superiores ó 90%. E todo isto pese a necesidade do alumnado do PCEO de afrontar unha carga superior de traballo académico. Así mesmo, a taxa de abandono nos dous últimos cursos é inferior ó 10% resultando un dato a destacar de forma moi positiva no programa.

A Decana de Dereito tamén informa de que a taxa de idoneidade non está analizada pola Universidade de Vigo, a pesares de que a Xunta de Galicia solicita o seu análise. A Decana da FCETOU sinala que esta taxa ten máis sentido no bacharelato, pero non en estudos universitarios onde se matriculan estudantes de distintas idades. Non obstante, a equipa decanal da Facultade de Dereito calculou unha aproximación da taxa de idoneidade. A Decana de Dereito manifesta que, de forma paralela ás virtudes dos indicadores anteriormente mencionados, os resultados académicos e datos de matrícula, abandono e número de persoas egresadas, tamén reflexan unha certa debilidade coa **taxa de idoneidade** da Primeira Promoción do PCEO ADE-Dereito, cuxa mellora foi necesario abordar intentando mellora, entre outros aspectos, os datos de abandono. Así nos cursos 2020-2021 e 2021-2022 reduciuse considerablemente o abandono. Os resultados reflexan que, en media, non se cumpre o obxectivo fixado pola Xunta de Galicia. Non obstante, tendo en conta as taxas anteriores, é posible que o dato teña sega tendo algunha repercusión na taxa de idoneidade, como mínimo, nas seguintes promocións. En todo o caso, unha análise dos datos xerais de gradación dos cursos 2021-2022, 2020-2021 e 2019-2020, en relación con datos de número de entrada de estudantes, parece conducir a una mellora notable da taxa de idoneidade.

Punto 6º.- Análise das enquisas de satisfacción da titulación.

A Decana da FCETOU informa que os datos de satisfacción dos estudantes do PCEO son moi superiores ós dos Graos de ADE e Dereito. Esta diverxencia entre os resultados do PCEO e dos Graos non é moi coherente. Parece que os resultados de satisfacción do PCEO non son fiables xa que o nivel

de participación foi moi baixo. A interpretación destes resultados pode levarnos a adoptar decisións equivocadas. Debátese na reunión sobre a necesidade de incentivar a participación dos estudantes nas enquisas da valoración da satisfacción do alumnado. Ademais, as xuntanzas cos delegados de curso poden ser unha boa ferramenta para calibrar o grao de satisfacción dos estudantes.

A baixa satisfacción dos estudantes do PCEO cos recursos materiais e servizos leva ós integrantes da reunión a volver a debater sobre a necesidade de abrir a sala de lectura, xa tratado anteriormente. Acórdase abrir a sala de lectura e establecer unha lista de normas de comportamento.

Punto 7º.- Rolda de intervención e propostas de accións de mellora.

Non hai ningunha intervención ou proposta de mellora.

E non habendo máis puntos a tratar dáse por terminada a reunión da Comisión de Coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO) ás 12.40 horas do día sinalado ao inicio deste escrito, do que dou fe como secretario co visto bo da señora presidenta.

Ourense, a 21 de xullo de 2023

A PRESIDENTA DA COMISIÓN

O SECRETARIO

María Montserrat Cruz González

Marcos Álvarez Díaz

Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e da Facultade de Dereito de Ourense celebrada, virtualmente, a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, o día 24 de maio de 2022, ás 13:30:

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO GRAO EN DEREITO DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO E DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

LISTAXE DE ASISTENTES

-Profesora Dra. Marta Fernández Prieto (Decana da facultade de Dereito).

-Profesora Dra. Francisca Fernández Prol (Coordinadora do Grao en Dereito da facultade de Dereito).

-Profesor Dr. Xosé Manuel Pacho Blanco (Vicedecano de Dereito e Coordinador do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo).

-Profesor Dr. Francisco Torres Pérez (Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo).

ACTA DA REUNIÓN

Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e da Facultade de Dereito de Ourense celebrada, virtualmente, a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, o día 24 de maio de 2022 ás 13:30, coa seguinte orde do día:

1. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaría

-Procédese á designación do Prof. Xosé Manuel Pacho Blanco.

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior -21 de maio de 2021- xunta con esta convocatoria

-Por unanimidade, apróbase.

3. Análise do estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2021-2022

-Non hai accións de mellora da titulación do Grao en Dereito.

4. Análise e aprobación, se procede, das propostas de accións de mellora da titulación para o curso 2022-2023

-Propoñer como acción de mellora conxunta a seguinte:

Facer unha análise xeral dos indicadores académicos (taxas, sic.) por materias do estudantado, e análise comparativa xeral entre ambas facultades nas materias nas que estes indicadores revelen un reducido rendemento do estudantado.

5. Delegación, se procede, de competencias en materia de coordinación da titulación nas persoas coordinadoras do Grao en Dereito nas facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo

-Apróbase a delegación nas correspondentes coordinacións de Grao na Facultade de Dereito e na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

6. Suxestións e preguntas

-Non se formularon suxestións ou preguntas.

En Vigo, a 24 de maio de 2022.

Asdo. Xosé Manuel Pacho Blanco

ANEXO II: INFORME SEGUIMIENTO TFG

Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora da materia Traballo fin de grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2022-23, a iniciativa das coordinadoras da materia Traballo fin de grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvéronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Traballo fin de grao. As máis destacables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño 2022: Elaboración da guía docente polo coordinadora.
- 12/07/2022: Aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2022/23 -novembro de 2022 (1º prazo), febreiro de 2023 (2º prazo), xuño de 2023 (3º prazo), xullo de 2023 (4º prazo) e setembro de 2023 (5º prazo)-
- 09/09/2022: Designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2022/23.

Aprobación pola Comisión Permanente dos criterios de asignación de titor/a para o TFG para o alumnado de nova matrícula que desexen concorrer ao primeiro prazo de defensa (novembro de 2022), asignación das persoas titoras e fixación de prazo para a presentación da proposta temática na secretaría do decanato

- 21/10/2022: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2021-2022 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao e autorizar a titorización polos profesores D. José Abundancia Domínguez e D. Roberto Couto Calviño, previa solicitude expresa dos interesados.

Aprobación tamén da extensión da asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixírase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.

- Outubro-novembro de 2022: Publicación da relación de profesorado que no curso 2022/23 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 23/11/2022: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2022-2023.
- 20/12/2022: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2022-2023 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.
- 19/01/2023: Aprobación da listaxe definitiva de propostas temáticas para o Traballo de fin de grao do curso académico 2022-2023 incluíndo unha nova proposta temática, presentada no período de reclamacións.

Delegación na/o secretaria/o da Facultade a competencia para aprobar as propostas temáticas para o Traballo de fin de grao que se presenten fóra de prazo, previo traslado aos membros da comisión permanente, que poderán solicitar a convocatoria da comisión para debater sobre a adecuación das propostas.

- 30/01/2023: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudantado de terceiro curso de Grao en Dereito e 4º curso do PCEO ADE-Dereito. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.
- 31/01/2023: Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, as coordinadoras informan, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbrales ao estudantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.
- 10/02/2023: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- 30/03/2023: Designar ás persoas titoras de Traballo de Fin de Grao do curso 2022/2023 en substitución do profesor D. Fernando de Franco Paz por mor da súa xubilación.
- 26/05/2023: Última sesión co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador. A sesión celebrouse a través do Campus remoto
- Xaneiro-xullo de 2023: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia Moovi, con información sobre premios e axudas aos TFGs; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia “Traballo de fin de grao” ata o curso 2022-2023

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispuxo nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluírían coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que tería un mínimo de 6 créditos e que debería realizarse na fase final do plan de estudos e estaría orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorporouse como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

De similar xeito, o vixente Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade prevé, nas directrices para o deseño dos plans de estudos das ensinanzas de grao (art. 12 apartados 2 e 6) o carácter obrigatorio do TFG, que ten como obxectivo esencial a demostración polo alumnado do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de Grao. Terá un mínimo de 6 créditos e deberá realizarse na fase final do plan de estudos e defenderse nun acto público. A súa superación é imprescindible para obter o título oficial

Ata a implantación dos estudos de grao, a incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carecía de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificultou a configuración da materia e xustificou a necesidade

de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén detectouse a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, no Real Decreto 822/2021 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 13): “Os ensinos oficiais de Grao, como ciclo inicial dos ensinos universitarios, teñen como obxectivo fundamental a formación básica e xeneralista do e da estudante ... a través da transmisión ordenada de coñecementos, competencias e habilidades que son propias da disciplina respectiva ... os prepara para o desenvolvemento de actividades de carácter profesional e garante a súa formación integral como cidadáns e cidadás.”.
- MÁSTER (art. 16): entre os posibles obxectivos dos ensinos de Máster figura a formación encamiñada á “aprendizaxe nas actividades investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 19): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades concernentes coa investigación universitaria de calidade e o seu desenvolvemento”.

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrado universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en “formación continua”, como calquera outro estudante matriculado no Máster –aínda que con algunhas limitacións-,

desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Máster.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersoal. A modificación dá nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliación e cualificación do TFG/TFM (tribunal colexiado ou unipersoal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto.

Nos últimos cursos acometéronse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. Ambos os dous documentos teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretenden desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, os prazos das defensas nas convocatorias de xuño e xullo resultaban moi axustados e dificultan a defensa cando os estudantes teñen outras materias pendentes. No caso do alumnado do PCEO, a situación agrávase porque deben de elaborar dous TFGs, o que dificulta o seu proceso de obtención do título. Xa que logo, habilitáronse novos prazos de defensa do TFG. Primeiro no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. No curso 2020/21 o prazo de setembro incorporouse como último prazo do curso e non como 1º prazo do curso seguinte. Ademais, habilitouse un novo prazo de defensa no mes de febreiro. Estas accións de mellora formuláronse para permitir obter o título de Graduado/a en Dereito no mes de setembro e incorporarse ao Mestrado da avogacía aos estudantes aos que solo lles restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Mestrado sen solución de continuidade -sen obstáculos que lles obrigasen aos estudantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este prazo habilitouse xa en setembro de 2019. Ao converterse en prazo do mesmo curso académico evita que o alumnado teña que aboar novamente a taxa de matrícula e facilita a gradación dos estudantes nun tempo menor, posibilitando a mellora da taxa de gradación e de idoneidade. O prazo de febreiro permite ao alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que pode tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O prazo de febreiro pode ser especialmente interesante para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir elevar a taxa de gradación da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a excepción dos que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade a teor do art. 10 do RD 822/2021 (e antes o art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo). Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Nos últimos cursos académicos mellorou a *ratio* entre estudantes matriculados e estudantes presentados, aínda que no curso 2022-23 apreciase un retroceso importante. Con todo, debe terse en conta a imposibilidade da defensa do TFG se o alumno non ten superada a totalidade de créditos restantes para a obtención do título e, sendo ese o principal obstáculo, a dificultade de prever accións de mellora efectivas. Á luz dos datos que se obteñan no presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua, se se estima necesario, noutras propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación. Con todo, analizarase se o problema se centra en que os alumnos non acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden materialmente defender o Traballo de fin de grao.

En terceiro termo, acometéronse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fíxanse varias sesións presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o

protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador. Entre esas dúas datas fíxanse nos horarios titorías de atención personalizada para atender dúbidas de carácter xeral sobre o desenvolvemento do traballo.

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.

Para facilitar a defensa de TFGs nos dous primeiros períodos de defensa habilitados en cada curso académico (novembro e febreiro), acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de titor e proposta temática. Acordouse tamén estender a asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixírase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.

Adoptáronse igualmente medidas respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio. O estudante pode solicitar a asignación dunha persoa titora concreta, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento. Pero, respecto a súa avaliación, aplicaranse os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que conorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.

En relación coa gravación do acto de defensa do TFG só se prevé no caso de que a defensa se desenvolva a través do Campus Remoto. Nese caso, a exposición de cada alumno/a será gravada coa finalidade de facilitarlle ao Tribunal o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión da proba, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Cara ao desenvolvemento adecuado de dita gravación mediante webcam, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación do exame. Será responsable do tratamento dos datos a Universidade de Vigo. As gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas.

Non obstante, o artigo 22.2 do vixente Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (aprobado no claustro do 18 de abril de 2023) esixe, en relación coas probas de avaliación oral, incluíndo expresamente a defensa do TFG e sempre que sexa posible, que deban “gravarse ou, en calquera caso, contar cunha alternativa que as permita revisar e concorde co proceso de ensino-aprendizaxe”.

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2022/23

- Estender a asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixírase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.

A Comisión Permanente adoptou o acordo por asentimento na súa reunión de 21 de outubro de 2022

D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2022/2023

		2014/15	2015/16	2016 /17	2017 /18	2018/1 9	2019/ 20	2020 /21	2021 /22	2022/ 23
Datos comparativos							1 9	20		
Estudantes matriculados		56	58	90	68	74	77 Grao + 15 Pceo	120	134	112
Estu- dantes presen- tados	Total	46 (+1 susp. xuño)	35 (32 aprobados +3 susp.)	53 (+4 suspe nsos FC)	35	20 Grao + 5 Pceo	42 Grao + 10 Pceo	59 (+1 susp. xullo)	59	39
	Nov.	7	4	14	6	4	8 + 0	4	6	6
	Febr.							8	5	4

	Xuñ.	23	10	29	12	7 + 1	8 + 3	16	14	10	
	Xul.	17	21	14	14	8 + 4	13 + 4	20	18	8	
	Set.				3		5 + 2 1	12	16	11	
Cuali- fica- cións	Total	MH	1	0	4	0	1 + 1	1	1	1	0
		Sb	3	9	15	6	5 + 1	3 + 1	22	6	11
		N	20	11	18	18	9 + 3	22 + 9	25	30	21
		A	22	12	16	11	5	16	11	22	7
		Susp	1	3	4	0	0	1	1 (1 apr. en sept. 2021)	0	0
	Nov.	MH	0	0	0	0	0	0	0	0	0
		Sb	0	0	1	0	0	0	2	1	3
		N	3	2	1	3	2	5	1	2	2
		A	4	1	8	3	2	3	1	3	1
		Susp		1 (apr. en xuño 2019)	4 (apr. xuño ou xullo 2019)	0	0	0	0	0	0
	Feb.	MH									
		Sb							3		2
		N							4	4	1

	A							1	1	1	
	Susp										
Xuño	MH	1	0	2	0	0		1	0	0	
	Sb	2	3	10	2	2 + 1	0 + 1	7	3	2	
	N	9	3	11	7	5	4 + 2	5	7	8	
	A	10	4	6	3	0	3	3	4		
	Susp	1(a p. en xul lo 20 15	0	0	0	0	0	1 (ap. en xullo 2020)	0	0	
Xullo	MH	0	0	2	1 + 1	2	1		1	0	
	Sb	1	6	4	4	3	2	6	2	2	
	N	7	6	6	7	2 + 3	6 + 4	10	6	4	
	A	8	7	2	3	3	4	3	9	2	
	Susp	0	2	0	0	0	0	1 (ap. en sept. 2021)			
Set.	MH						0	0			
	Sb						0	1	4	2	
	N				1		3 + 2 1	4 + 5	11	6	
	A				2		2	4	1	5	3
	Susp						0	0	2		

E. Propostas de mellora para o curso 2023/2024

Valorar a necesidade ou non de gravación da defensa do TFG para dar cumprimento ao artigo 22.2 do vixente Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (aprobado no claustro do 18 de abril de 2023), que esixe, en relación coas probas de avaliación oral, incluíndo expresamente a defensa do TFG e sempre que sexa posible, que deban “gravarse ou, en calquera caso, contar cunha alternativa que as permita revisar e concorde co proceso de ensino-aprendizaxe”.

ANEXO III: INFORME SOBRE COOPERACIÓN CON INSTITUCIÓNS E EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES NO CURSO 2022/2023 E, SE PROCEDE, PROPOSTA DE MELLORA PARA O CURSO 2023/2024

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2023/2023 realizáronse as seguintes reunións e actuacións en relación coa materia “Prácticas Externas”:

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2022: reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas. · Xuño 2022: Elaboración da guía docente pola coordinación.
- Setembro 2022: Convocatoria para o nomeamento de Tutores académico/as de Prácticas Externas. A Comisión Académica nomea como tutores académico/as aos seguintes profesores: D. Virxilio Rodríguez Vázquez. Dña. Susana Álvarez González, Dña. Natalia Torres Cadavid e D. María Dolores Fernández Fustes.
- 2 de decembro de 2022: Publicación de oferta formativa de prácticas externas 2022-2023.
- Decembro de 2022: Adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma moovi e comunicación aos tutores externo/as dos datos dos alumnos/as seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2023. Presentación da materia prácticas externas ao comezo do cuadrimestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado antes do comezo das prácticas –xaneiro 2023-. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesións informativas e de seguimento tiveron lugar de forma continua a solicitude do alumnado. Creouse na plataforma moovi un Foro de dúbidas sobre a materia de Prácticas externas.
- Recepción do informe final e valoración dos tutores externo/as. Publicación das cualificacións o en xuño de 2023 (plataforma moovi)

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2022-2023.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2022-2023 foi a seguinte:

DESPACHOS DE ABOGADOS/ECONOMISTAS (5)

LEÓN REY ABOGADOS (2)

Titor externo: D. David de León Rey

Enderezo: Rúa Santo Domingo, 45 1 0, L3, 32003 Ourense, Contaco: davidleon@uvigo.es

JOSÉ ABUNDANCIA DOMINGUEZ AVOGADO(I)

Titor: D. José Abundancia Domínguez

Enderezo: Paseo, 36 3 0 C - 32003 - Ourense (Ourense) Contaco: j.abundancia@gmail.com

ADV ECONOMISTAS & ABOGADOS (1)

Titora: Dna. Marta López

Enderezo: Parque San Lázaro número 8, 3 0 Izquierda, 32003, Ourense Contaco: mlopez@advgrupo.com

LEX AURIA ABOGADOS (1)

Titor: D. Luis Miguel Garnil Rielo

Enderezo: Avda. Ramón Otero Pedrayo 2B, Local 31), C.P. 32.004, Ourense Contaco: luisgarnil@lexauria.com

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE (4)

Titor externo: D. Manuel Arias Carral

Enderezo: as prácticas desenvolveranse nos diferentes servizos da Subdelegación (Rúa parque San Lázaro, I, 32003 — Ourense): Unidade contra a violencia da muller, autorizacións administrativas, infraccións administrativas, xurado provincial de expropiación forzosa, dependencia de traballo e inmigración, oficina de extranxería e avogacía do Estado). Contaco: arias@uvigo.es

ASESORÍA (2)

INGADE (1)

Titora externa: Dna. Yolanda Trasobares Ramos

Enderezo: Parque tecnolóxico - tecnópole I, of.13 — local 1332900 - San Cibrao das Viñas — Ourense

Teléfono: 988368157

Contaco: yolanda@ingade.es

SIGAMOS CONSULTORÍA (1)

Titora externa: Dna. Laura Magalhães de Andrade

Enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia - Edificio CEI, niño 202, Polígono Industrial de San

Cibrao das Viñas

Teléfono: 644831816

Contaco: laura@sigamosconsultoria.com

CONCELLOS (9)

CONCELLO DE CELANOVA (1)

Titora externa: Dna. Montserrat Campos Mondelo

Enderezo: Praza Maior 1 32800, Celanova-Ourense

Teléfono: 988-43.14.87

Contacto: montserrat.campos.celanova@eidolocal.es

CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR (3)

Titor externo: D. José Antonio Cerdeira Pérez

Enderezo: Concello de Pereiro de Aguiar

Contacto: alcaldía@pereiro.gal

CONCELLO DE BARBADÁS (5)

Titora externa: Dna. Victoria Morenza

Enderezo: Concello de Barbadás

Contacto: victoria.morenza@barbadas.es

CENTRO PENITENCIARIO PEREIRO DE AGUIAR (1)

Titora: Dna. Elena Fernández Móntes

Enderezo: 32792 0 Pereiro de Aguiar, Ourense

Contacto: Subtratamiento ourense@dgip.mir.es

O proxecto formativo de cada unha das prácticas ofertadas que recolle ademais o tipo de tarefas, as competencias á desenvolver e o horario, de conformidade co artigo 7 do devandito Regulamento, foi publicado na plataforma MOOVI.

C. Proposta de mellora para o curso 2023-2024.

- Unha vez superada a situación de saúde pública e a plena presencialidade na Universidade, aumentar os ámbitos de realización das prácticas e retomar algúns xa ofertados de forma previa ao curso 2019-2020.

-Adaptación das prácticas á normativa de Seguridade Social que prevé a cotización das mesmas, de conformidade co disposto polos órganos competentes da Universidade de Vigo.

Ourense, a 11 de decembro de 2023.

Susana Álvarez González
Coordinadora de Prácticas Externas

ANEXO IV: INFORME DE SEGUIMIENTO. RELACIONES INTERNACIONAIS

1. Movilidad Internacional

La convocatoria de movilidad ERASMUS + 21/2 se publicó el 21 de diciembre de 2021. En el mes de enero, Dña. Amelia Rodríguez Piña, Directora de la Oficina de Relaciones Internacionales, convocó a una reunión informativa para todos los alumnos solicitantes de movilidad -tanto ERASMUS como de convenio bilateral.

Tal y como establece la Convocatoria, una vez cerrado el plazo de presentación de solicitudes, la ORI remite la documentación a los Centros para la asignación de plazas. El 25 de marzo publicamos en el Centro la lista provisional de destinos. Asimismo, convocamos a los alumnos seleccionados a una reunión informativa en el Campus de Remoto (en mi aula Virtual) con la finalidad de solventar todas las dudas. Finalmente, transcurrido el plazo establecido, publicamos la lista definitiva el 1 de abril.

Posteriormente, tras la publicación de la lista definitiva de destinos por parte de la ORI (22 de abril de 2022) he tenido diversas reuniones individualizadas, así como comunicación vía email con todos alumnos a medida que iban cumplimentado su acuerdo de estudios.

Si bien habían solicitado la movilidad ERASMUS 12 alumnos de Grado (ninguno del PCEO), finalmente, realizaron la movilidad ERASMUS 8 alumnos de Grado.

En este sentido, con la finalidad de incrementar el número de alumnos que cursan un período de estudio en terceros países (ya sea movilidad en el marco del Programa ERASMUS o en el marco de los Programas con América Latina) seguimos incidiendo en las reuniones informativas. En este sentido, cabe destacar, que en la Jornada de acogida a los alumnos de primer curso (Curso 0) se imparte por parte de la responsable ERASMUS del Centro una charla sobre los Programas de movilidad y también en el Curso 3.5 (enfocado a los alumnos de tercer curso).

2. Movilidad nacional

En cuanto la movilidad SICUE. A diferencia del programa ERASMUS, la asignación de plazas se realiza directamente en la ORI. Este año está realizando esta movilidad una alumna de Grado. Con estos alumnos hemos celebrado tutorías individualizadas para resolver todas las dudas planteadas y formalizar el acuerdo académico.

ANEXO V: INFORME FINAL DE REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES PARA O CURSO 2023-2024

O proceso de revisión de guías docentes do Grao en Dereito -e do PCEO ADE-Dereito- (41 guías) para o curso 2023-2024 desenvolveuse consonte o seguinte calendario obxecto de aprobación na Comisión Permanente da Facultade de Dereito de 8 de xuño de 2023:

Calendario e procedemento interno das distintas fases de elaboración e aprobación das guías docentes do Grao en Dereito para o curso 2023-2024 Aprobado pola Comisión Permanente o día 8 de xuño de 2023			
Responsable	Tarea	Descrición	Data
Coordinadora de titulación	Revisión das competencias da Titulación e a súa asignación ás materias	1) Revisar que as competencias xerais, básicas, específicas e transversais introducidas en Docnet correspondan coas da memoria da Titulación	Dende o 5 de xuño ata o 12 de xuño
Coordinadoras/es de materia	Elaboración das guías docentes	2) Definición dos resultados de aprendizaxe das materias 3) Contidos (Temario) 4) Distribución dos créditos (aula, maxistrais, prácticas, traballo autónomo do alumno, etc.) 5) Metodoloxía docente 6) Criterios de avaliación 7) Bibliografía	Dende o 13 de xuño ata o 25 de xuño
Coordinadora de titulación	Curso de elaboración de guías docentes	Celebración de reunión cos coordinadores de materias para resolver, por parte da coordinadora de titulación, todas as dúbidas que xurdan na elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet	23 de xuño as 12:00 h (sala Xuntas)
Coordinadora de titulación /	Revisión das guías docentes	Este proceso implica un traballo bilateral entre a Coordinadora de Grao e os Coordinadores de Materia	Dende o 26 de xuño ata o 10 de xullo

Coordinadoras/ es de materia			
Comisión de Calidade	Revisión de guías docentes	1) Envío, dende a Coordinación do Grao á Comisión de Calidade, do informe de revisión das guías docentes e da documentación necesaria para someter a revisión as guías docentes por parte de dita Comisión 2) Revisión das guías docentes por parte da Comisión de Calidade	Ata o 12 de xullo
Xunta de Facultade/Comi sión permanente	Aprobación das guías docentes do grao	Aprobación, en Xunta de Facultade ou Comisión Permanente, das guías docentes do grao	Ata o 12 de xullo
Decanato	Peche das guías docentes do grao	Peche, na plataforma Docnet, das guías docentes do grao	Ata o 12 de xullo
Decanato	Publicación das guías	A publicación implica á posta a disposición do público da devandita información na web do centro	Ata o 12 de xullo

O proceso de revisión das guías desenvólvese pola Coordinadora empregando, para cada materia, a seguinte ficha na que se consigan os concretos extremos obxecto de verificación:

	SÍ	NO	OBSERVACIONES (en caso de "NO")
DESCRIPCIÓN GENERAL: Se incluye una descripción de la asignatura y se indica la lengua de impartición. En caso de asignaturas acogidas al programa ENGLISH FRIENDLY, se incluye párrafo descriptivo.			
RESULTADOS DE FORMACIÓN Y APRENDIZAJE (antiguas competencias): Se ajustan a los establecidos en la ficha de la asignatura en la Memoria del título.			
RESULTADOS PREVISTOS DE LA MATERIA (antiguos resultados de aprendizaje): Se ajustan a los establecidos en la ficha de la asignatura en la Memoria del título.			
CONTENIDOS: Se ajustan a los establecidos en la ficha de la asignatura.			

PLANIFICACIÓN: Se recogen las metodologías docentes establecidas en la ficha de la asignatura y con un peso similar.			
METODOLOGÍAS: Se indica el carácter de las prácticas (optativa/obligatoria) y el mínimo de asistencia.			
EVALUACIÓN: La tabla Metodologías/Pruebas recoge los sistemas de evaluación establecidos en la ficha de la asignatura en la Memoria del título y los porcentajes se ajustan a la misma.			
EVALUACIÓN: Todos los resultados de formación y aprendizaje (antiguas competencias) de la asignatura son evaluados.			
EVALUACIÓN: Se indica, para cada sistema de evaluación, el(los) resultado(s) previstos de la materia (antiguos resultados de aprendizaje) que se evalúa(n), y todos los resultados son evaluados.			
OTROS COMENTARIOS SOBRE LA EVALUACIÓN. SISTEMA DE EVALUACIÓN CONTINUA: Se ajusta a la plantilla enviada. Se aplican los sistemas de evaluación indicados en la tabla Metodología/Pruebas. Ninguna prueba supera el 40% de la calificación final. Se alcanza el 100% de puntuación.			
OTROS COMENTARIOS SOBRE LA EVALUACIÓN. SISTEMA DE EVALUACIÓN GLOBAL: Se ajusta a la plantilla enviada. Se establece el procedimiento para la elección de modalidad. Se aplican sistemas de evaluación indicados en la tabla Metodologías/Pruebas. Se alcanza el 100% de puntuación.			
OTROS COMENTARIOS SOBRE LA EVALUACIÓN. CRITERIOS DE EVALUACIÓN PARA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA Y FIN DE CARRERA: Se ajusta a la plantilla enviada. Se aplican sistemas de evaluación indicados en la tabla Metodologías/Pruebas. Se alcanza el 100% de puntuación.			
OTROS COMENTARIOS SOBRE LA EVALUACIÓN. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA: Se ajusta a la plantilla enviada. Se establece el proceso de calificación de actas, fechas de evaluación y consulta de tutorías.			
BIBLIOGRAFÍA: Se especifica la bibliografía básica y los ISBN/DOI			
COINCIDE EL CONTENIDO DE LA GUÍA EN CASTELLANO Y GALLEGO (E INGLÉS EN CASO DE ASIGNATURAS ENGLISH FRIENDLY)			

As fichas, unha vez cumprimentadas, foron devoltas aos coordinadores para que, habida conta as deficiencias detectadas, procederán á corrección das guías docentes, de ser preciso, en colaboración coa Coordinación de Grao.

O proceso de elaboración das guías desenvolveuse e concluiu nas datas previstas no calendario, sendo obxecto de aprobación na Xunta da Facultade de Dereito celebrada o día 11 de xullo de 2023.

Ourense, 15 de decembro de 2023

Asdo: Mónica Siota Álvarez

ANEXO VI: INFORME FINAL PAT 2022/2023

Presentación

O Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT- ANEAE) da Facultade de Dereito recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas.

O Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT- ANEAE) da Facultade de Dereito **foi aprobado o 8 de xullo de 2021**.

O PAT da Facultade de Dereito pretende acadar os seguintes **OBXECTIVOS**:

- Establecer un sistema de información, orientación e canalización socioeducativa para os alumnos/as das titulacións do centro mediante a asignación dunha persoa titora.
- Implantar un sistema de información para todo o estudiantado sobre o funcionamento do centro.
- Motivar unha participación activa de todo o alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.
- Incentivar a participación en programas de mobilidade, así como noutras actividades de carácter específico ou transversal que complementen a súa formación universitaria.
- Ampliar a información sobre as saídas profesionais relacionadas coas ensinanzas do centro.
- Garantir o desenvolvemento das accións determinadas dentro do Programa de atencións ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do centro inscrito nel.
- Axudar o alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu desenvolvemento normal da actividade académica informándoo dos servizos da universidade que poden atender á súa situación específica.
- Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e de valoración sobre o propio desenvolvemento e a mellora da calidade da titulación.

A tal efecto, o PAT – ANAE atende aos seguintes **PRINCIPIOS**:

- Principio de privacidade e de confidencialidade.
- Respecto aos dereitos do estudiantado, segundo as normas da Universidade de Vigo.
- Coordinación e colaboración entre os distintos axentes participantes no PAT.
- Optimización dos recursos dispoñibles do centro e da universidade.
- Elaboración de documentos escritos que permitan a posterior análise, valoración de resultados e a mellora do proceso.

No desenvolvemento do PAT – ANAE resultan implicados os axentes seguintes:

- Equipo Decanal
- Comisión de Calidade
- Coordinador/a do PAT – ANAE, que será a/o Coordinador/a do Grao (ou, no seu caso do Mestrado)
- As persoas titoras

Planificación e seguimento do PAT

O PAT da Facultade de Dereito para o curso 2022-2023 integrou a todos os alumnos do Grao e, así mesmo, do Plan Conxunto ADE-Dereito, tendo todos eles asignado un profesor-titor, así como –no caso dos alumnos de primeiro curso exclusivamente- un alumno-titor.

1. Accións de organización e acollida

- Xullo 2022: Proceso de selección de Profesores-titores. Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos profesores- titores do curso precedente -2021/2022- solicitando que manifesten a súa dispoñibilidade para continuar desenvolvendo tarefas como profesores-titores no curso 2022/2023.

A asignación proposta –aceptada polos profesores titores- foi a seguinte:

GRAO EN DEREITO			PCEO ADE-DEREITO	
Curso	PROFESOR/A-TITOR/A	ALUMNO/A TITOR/A	PROFESOR/A-TITOR/A	ALUMNO/A TITOR/A
1º	Profª. Lourdes Borrajo Diz	Juan Santiago Cacharro Rielo	Profª. Susana Álvarez González	Pendente de designación
2º	Profª. Belén Sánchez Ramos	Non procede	Profª. Laura Movilla Pateiro	Non procede
3º	Profª. Francisca Fernández Prol	Non procede	Profª. Dolores Fernández Fustes	Non procede
4º	Prof. Roberto Ignacio Fernández López	Non procede	Profª. Mónica Siota Álvarez	Non procede
5º	Non procede	Non procede	Profª. Marta Fernández Prieto	Non procede

- Setembro 2022: Proceso de selección de alumnos-titores. Remisión de correos electrónicos e visitas nas aulas para solicitar a colaboración de alumnado de 3º e 4º do Grao e de 4º e 5º do PCEO para participar no PAT en calidade de alumnos-titores.

Finalmente, a composición do PAT-ANAE para o curso 2022-2023 foi a seguinte:

PAT: Relación de alumnado e titores/as asignados

GRAO EN DEREITO		
PROFESOR/A-TITOR/A	ALUMNO/A TITOR/A	ALUMNADO TORIZADO

Profª. Lourdes Borrajo Diz lborrajo@uvigo.es	Juan Santiago Cacharro Rielo juan.santiago.cacharro.rielo@alumnos.uvigo.es	Alumnado de 1º curso
Profª. Belén Sánchez Ramos bsanchez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 2º curso
Profª. Dolores Fernández Fustes dfustes@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 3º curso
Prof. Roberto Ignacio Fernández López rfernandez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 4º curso

PCEO ADE-DEREITO		
PROFESOR/A-TITOR/A	ALUMNO/A TITOR/A	ALUMNADO TORIZADO
Profª. Susana Álvarez González sualvago@uvigo.es	Luis M. Bouzo Álvarez	Alumnado de 1º curso

	lbouzo@alumnos.uvigo.es	
Profª. Laura Movilla Pateiro lauramovilla@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 2º curso
Profª. Francisca Fernández Prol franfernandez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 3º curso
Profª. Mónica Siota Álvarez msiota@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 4º curso
Profª. Marta Fernández Prieto mfprieto@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 5º curso

- Para facilitar a labor do profesorado-titor, así como a asistencia do alumnado, as xuntanzas quedaron insertadas na xornadas de acollida –no caso dos alumnos de primeiro curso-, así como de presentación de materias –no caso dos alumnos dos cursos restantes, tanto no primeiro como no segundo período-. Detállase, a continuación, o cronograma de sesións.

- Igualmente en setembro de 2022, procédese a publicación na web da composición do PAT 2022-2023 O devandito documento tamén se remite aos correos electrónicos do estudantado.

2. Apoio e seguimento

• **Para os alumnos do Grao, as xuntanzas quedaron organizadas como segue:**

- **Reunión de presentación: 5 de setembro de 2022** (coincidindo coa xornada de acollida –no caso do alumnado de 1º curso- e coa xornada de presentación de materias do primeiro periodo –no caso do alumnado dos cursos 2º, 3º e 4º).

No marco da reunión de presentación, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, presentaron ao alumnado os obxectivos e recursos do PAT.

Nesta xuntanza inicial os alumnos que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT.

- **Primeira reunión de seguimento: 30 de xaneiro de 2023** (coincidindo coa xornada de presentación de materias do segundo periodo para o alumnado de todos os cursos).

Nesta reunión de seguimento, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, preguntan ao alumnado polo desenvolvemento do curso académico, rogando indiquen disfuncións detectadas ou dificultades ou obstáculos que están a afrontar.

No marco desta primeira reunión de seguimento, os profesores titores cumprimentaron o Anexo III –ficha de seguimento de titorías-.

Ao marxe das sesións predeterminadas e calendarizadas pola coordinación, poden manterse outras xuntanzas estimadas de interese, sinaladamente a petición dos correspondentes alumnos.

• **Para os alumnos do PCEO, as xuntanzas quedaron organizadas como segue:**

- **Reunión de presentación: 5 de setembro de 2022** (coincidindo coa Xornada de Acollida –no caso do alumnado de 1º curso- e coa xornada de presentación de materias do primeiro periodo –no caso do alumnado dos cursos 2º, 3º, 4º e 5º).

No marco da reunión de presentación, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, presentaron ao alumnado os obxectivos e recursos do PAT.

Nesta xuntanza inicial os alumnos que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT.

- **Primeira reunión de seguimento: 30 de xaneiro de 2023** (coincidindo coa xornada de presentación de materias do segundo periodo para o alumnado de todos os cursos).

- Nesta reunión de seguimento, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, preguntan ao alumnado polo desenvolvemento do curso académico, rogando indiquen disfuncións detectadas ou dificultades ou obstáculos que están a afrontar.
No marco desta primeira reunión de seguimento, os profesores titores cumprimentaron o Anexo III –ficha de seguimento de titorías-.

Ao marxe das sesións predeterminadas e calendarizadas pola coordinación, poden manterse outras xuntanzas estimadas de interese, sinaladamente a petición dos correspondentes alumnos.

• **No curso 2022-2023, implementáronse as melloras seguintes:**

- Elaboración dunha guía para as persoas titoras do PAT coa información que poden trasladarlle ao alumnado na primeira reunión de apoio. Incluírse información sobre os procedementos de calidade de maior interese para o alumnado coa finalidade de garantir un mellor coñecemento polas persoas titorizadas do sistema de garantía de calidade do centro. Esta mellora foi aprobada no marco da Comisión de Calidade celebrada o 27 de xuño de 2022.
- Creación dunha materia na plataforma Moovi para:
 - Publicar, para cada curso do Grao e do PCEO, a información pertinente relativa ao PAT – ANAE do curso correspondente.
 - Atender as consultas que se formulen por dita vía.

3: Avaliación e análise de resultados:

- 14 de xullo de 2023: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes que participan no PAT solicitándolles que cumprimenten *on line* o Anexo “IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado”.

Número de alumnos participantes: 4

Repostas do alumnado participante:

1. Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

- Suficiente: 2

- Insuficiente: 2

2. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

- Moi boa: 0

- Boa: 3

- Mala: 0

- Moi mala: 1

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

- Moito: 0

- Bastante: 1

- Pouco: 2

- Nada: 1

4. Valore o grao de utilidade do PAT:

- Moito: 0

- Bastante: 2

- Pouco: 1

- Nada: 1

5. Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

- Si: 3

- Non: 1

- Non resposta: 0

6. Considera axeitado o sistema de seguimento?

- Si: 3

- Non: 1

- Non resposta: 0

7. Que eliminaría do PAT?

- 1 alumno/a resposta: Todo

- Non resposta: 3

8. Que engadiría?

- 1 alumno/a resposta: Todo

- Non resposta: 3

9. Que temas lle gustaría que se houbesen abordado no PAT?

- 1 alumno/a resposta: “Muchos”

- Non resposta: 3

Avaliación:

- Apréciase un descenso no número de alumnos participantes nas enquisas (10 alumnos no curso 2019-2020, 8 alumnos no curso 2020-2021, 6 alumnos no curso 2021-2022, 4 alumnos no curso 2022-2023)
- A mostra non permite acadar conclusións

• 14 de xullo de 2023: Remisión, dende a Coordinación do Grao, dun correo electrónico aos profesores-titores solicitando que cumprimentasen *on line* o Anexo “IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a”. Así mesmo, solicítase ao profesorado a remisión á Coordinación dos Anexos II e III das dúas reunións –inicial e de seguimento- mantidas ao longo do curso.

Número de participantes: 6 profesores-titores (número total de profesores-titores: 6).

Respostas dos profesores-titores:

1. Número total de reunións:

- Número total de reunións en grupo: 10

- Número total de reunións individuais: 1

2. Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT (equipo directivo/outro):

- Suficiente: 5

- Insuficiente: 0

3. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

- Moi boa: 4

- Boa: 2

4. Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT:

- Bastante: 0

- Pouca: 6

5. Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

- Si: 5

- Non: 0

6. Valore o grao de utilidade do PAT dacordo coas experiencias co estudiantado:

- Moito: 1

- Bastante: 2

- Pouco: 3

- Nada: 0

7. Considera axeitada a metodoloxía empregada?

- Si: 5

- Non: 1

8. Pensa que é axeitado o sistema de seguimento?

- Si: 5

- Non: 1

9. Que eliminaría do PAT?

- Nada:1

- “A miña experiencia coas reunións en grupo é que os alumnos non acuden, ou moi poucos e, en todo caso, non as aproveitan”

10. Que engadiría?

- Nada: 1

Avaliación:

- Debe destacarse a manifestación relativa ao escaso aproveitamento polos estudantes.

• 14 de xullo de 2023: Dende a Coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes que participan no PAT en calidade de alumnos-titores solicitándolles que cumprimenten *on line* o Anexo “IV-B: Cuestionario final de satisfacción do/a estudante titor”. Esta enquisa implementouse por primeira vez no curso 2020-2021, sendo unha mellora proposta no informe de avaliación do PAT do curso 2019-2020.

Número de participantes: 1 (número total de alumnos-titores: 2).

As respostas foron as seguintes:

1. Número total de reunións:

- Número total de reunións en grupo: 2

- Número total de reunións individuais: 0

2. Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT (equipo directivo/outro): Suficiente

3. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT: Boa

4. Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT: Ningunha

5. Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas? Si

6. Valore o grao de utilidade do PAT dacordo coas experiencias co estudantado: Pouco:

7. Considera axeitada a metodoloxía empregada? Si

8. Pensa que é axeitado o sistema de seguimento? Si

9. Que eliminaría do PAT? Nada

10. Que engadiría?: “En consonancia con lo anterior, no sabría decir que añadir, pues la problemática reside en el desinterés del alumnado receptor del plan. Tal vez incentivarlos sería útil, pero no se me ocurre cómo.”

Avaliación:

- Debe destacarse a manifestación relativa ao escaso aproveitamento polos estudantes.

REFORMAS/ MELLORAS PARA O CURSO 2023-2024:

- Revisión do proceso de asignación de profesores/as tutores/as para garantir, sempre que elo resulte posible, que os/as mesmos/as sexan ou fosen docentes dos/as alumnos/as titorizados.
- Designación dos/as delegados/as de curso como alumnos/as/ tutores/as dos cursos correspondentes.
- Inserción, no marco das correspondentes reunións de coordinación cos representantes do alumnado, dunha fase de información relativa aos obxectivos, ferramentas e accións do PAT.
- Fomento de novas canles de comunicación entre os/as alumnos/as tutores/as e o alumnos/as titorizados/as.


Validado pola Comisión de Calidade o día 21 de decembro de 2023 e aprobado pola Xunta de Facultade o día 21 de decembro de 2023

Data: 21 de decembro de 2023

Sinaturas:




Vicedecana de Planificación e Calidade



Vicedecana de Organización
Académica e Profesorado



Coordinadora de Relacións Internacionais



Coordinadora do Grao



Coordinadora do TFG



Decana da Facultade de Dereito de
Ourense e Coordinadora de Prácticas
Externas